

GUÍA TURÍSTICA

Valdeorras DESCÚBRELA


PUBLICACIONES
DE LA DIPUTACIÓN DE OURENSE



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

coordinadora desta edición

Ana Malingre Rodríguez – Departamento de publicaciones, Deputación de Ourense

textos e coordinación cos concellos

Guillermína Lozano Álvarez

fotografía

XYG Comunicación, Concello da Veiga e Concello de Rubiá

edición

Armonía Universal S.L.

deseño gráfico

O Clube da Esquina

impresión

Eurográficas S.L.

ISBN 978-84-692-0735-2

DL 1230-2009

© desta edición: DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

O Camiño de Inverno a Santiago, por Valdeorras 4 *índice*

Valdeorras: o berce do godello orixinal 6

A Vía Nova romana 10

Pena Trevinca 14

Parque Natural Serra da Enciña da Lastra 18

A Rúa 22

A Veiga 28

Carballeda de Valdeorras 36

Larouco 44

O Barco 50

O Bolo 62

Petín 70

Rubiá 76

Vilamartín de Valdeorras 82

PUBLICACIÓNs





Igrexa de San Miguel

DEPUTACIÓN DE OURENSE

O Camiño Francés é o que tradicionalmente seguiron os cristiáns para peregrinar ata Santiago de Compostela. Pero nin foi o primeiro, nin o único. O primeiro discorría pola cornixa cantábrica, para evitar os riscos das zonas aínda ocupadas polos musulmáns, e coa máis importante das rutas confluían outras que se converteron en camiños secundarios e alternativos ante determinadas circunstancias meteorolóxicas ou doutro tipo.

É o caso do Camiño de Inverno a Santiago, que parte do Camiño Francés en Ponferrada e, para evitar a dura ascensión por Pedrafita –sobre todo en inverno–, chega ata Santiago despois de cruzar O Bierzo polo Sur, Valdeorras, a Ribeira Sacra, a Bisbarra do Deza e, finalmente, tras enlazar coa Ruta da Prata en Lalín, chegar á capital de Galicia. Este camiño é moi antigo, e demostrouse, con documentación, que era moi utilizado por peregrinos que



Ponte de Sobrado

preferían un trazado tranquilo e con climatoloxía invernal pouco adversa.

Ao seguir en grande parte do curso do río Sil, evitábanse as neves que o Camiño Francés ofrece en no Cebreiro. Dese frecuente uso quedan moitas igrexas dedicadas a Santiago, así como mosteiros ou conventos hospitalarios que atendían aos peregrinos na ruta. En canto ás probas documentais, atópanse sobre todo nos libros de inscrición de bautismos ou defuncións nas igrexas de moitas das poboacións polas que pasa este Camiño.

O trazado permite que os peregrinos gocen de certas vantaxes con respecto ao máis coñecido. Esta ruta desvíase do Camiño Francés en Ponte Boeza, Ponteferrada, e segue pola marxe esquerda do Sil cara a Toral de Merayo, Villalibre e Priaranza del Bierzo. Continúa cara ao Castelo de Cornatel, por Santalla, e logo a Borrenes, para seguir en dirección a As Médulas e Puente de Domingo Flórez. Tras pasar o río Cabrera, sempre deixando o Sil á dereita, a ruta entra na bisbarra

ourensá de Valdeorras. Ata este momento, percorríanse uns 35 quilómetros do total.

Pola bisbarra de Valdeorras discorren outros 30 quilómetros deste Camiño de Inverno. A primeira poboación importante deste tramo é Sobradelo, onde o Sil se cruza pola Ponte Nova para seguir a ruta pola marxe dereita do río. Éntoma é a seguinte poboación, antes de chegar ao Barco, a onde se entra pola rúa Real, e o concello barquense abandónase pola Proba. Segue por Arcos, Vilamartín, San Miguel e A Rúa, dende onde sae da bisbarra de Valdeorras para entrar, por Montefurado e Quiroga, na de Lemos.

Na Ribeira Sacra, o Camiño de Inverno ten unha lonxitude de 100 quilómetros ata que se interna na Bisbarra do Deza, na provincia de Pontevedra. Alí, será necesario percorrer outros 42 quilómetros máis, os que quedan ata Lalín, onde se enlaza coa Ruta da Prata para, finalmente, chegar a Santiago, uns 57 quilómetros máis tarde.

DEPUTACIÓN DE OURENSE

Zona urbana da Rúa



Valdeorras é terra de viños dende tempos ancestrais: en Larouco, os bancais para o cultivo da vide, realizados en época dos romanos, seguen sendo utilizados para este fin polos viticultores. As viñas de Valdeorras aparecían hai dous mil anos en citas do romano Plinio.

Posteriormente, e tras a decadencia do imperio romano e, como consecuencia, do viño, a súa resurrección chegou cos mosteiros medievais. Nesta bisbarra, o

viño foi un ben prezado, moeda de cambio, de pagamento de impostos e tamén de pagamento de milagres ante os santos da bisbarra. A aparición da filoxera, a finais do século XIX, acabou con moitas viñas e provocou unha forte crise, o que levou á perda de variedades autóctonas que logo foi necesario recuperar.

Nesta bisbarra dúas son as variedades estrela para a produción de caldos monovarietais de calidade: a branca gode-



llo, considerada como unha das mellores do mundo; e a tinta mencía, que vén cultivándose dende hai séculos, tamén cunha calidade inigualable. A godello, hoxe introducida noutras zonas vitícolas, é específica de Valdeorras, de onde se considera variedade preferente e estivo a piques de desaparecer, ata que en 1975 se iniciou un proxecto de recuperación que, baixo o nome de Revival, permitiu a replantación de moitos viñedos con esta variedade branca.

A godello é pois unha das variedades máis antigas de España, ata o punto de que existen noticias dela dende a época do Imperio Ro-

mano. Trátase dunha uva precoz e de maduración moi determinada, caracterizada por acios pequenos, de bagos medianos con forma elíptica, cor verde-amarelenta e con pepitas. Ao igual que outras variedades, foi atacada pola filoxera, e practicamente desapareceu. As súas cepas ofrecen baixos rendementos e son menos resistentes a enfermidades propias da vide, especialmente ao oidio. Hoxe en día elabóranse viños de moi boa calidade e moi aromáticos, con grande capacidade de envellecemento en barrica e boa evolución en botella. Está adaptada aos chans secos, e a maior calidade prodúcese en zonas de ladeira de fertilidade media.



Os seus viños acadan unha graduación de 11,5 a 12,5 ° e acidez reducida. Son de cor amarela-palliza, perfumados, son duradeiros no tempo e evolucionan lentamente. Os seus aromas recordan a mazá e outros froitos. Os caldos están considerados como excepcionais, e os expertos cren que teñen un futuro con grandes expectativas.

En canto á mencia, a súa orixe pérdese na historia, pero tamén foi unha das primeiras cepas de uva introducidas na península ibérica.

A mencia xenera viños de forte cor framboesa, aromas intensos a froitas, pero tamén delicados a flores, teñen boas doses alcolólicas, acidez e, como o godello, excelentes posibilidades de crianza. Aínda que ata hai pouco os tintos a base de mencia comercializaban novos e con baixa graduación alcolólica, pouco a pouco evolucionaron mostrando unha boa capacidade de envellecemento, con crianzas en madeira máis prolongadas.

Todo iso está a favorecer o renacer da variedade, á que estudos recentes equiparan coa Cabernet Franc de Burdeos. Trátase dunha uva moi sensible, cun cultivo óptimo en zonas de montaña, o que fai entender a súa presenza en bancais e terrazas, nas viñas máis antigas, e tamén en espaldeira para as de nova prantación. Os chans minerais de lousa, pero tamén arxiloso-limosos destácanse nos territorios da mencia.

Valdeorras ten denominación de orixe dende o ano 1945. É, polo tanto, unha das máis antigas de España aínda que, curiosamente, é así mesmo unha das menos coñecidas. O mesmo acontece cos viños, moito menos familiares para o gran público que outros procedentes de Galicia. Pero quen proba os godellos e mencías de Valdeorras, repite. E é que, aínda que estas dúas variedades poidan –e de feito acontece– cultivarse noutras zonas, as características do terreo de Valdeorras dan un carácter específico aos caldos. O chan luosento existente en

Adega en Valdeorras



DEPUTACIÓN DE OURENSE

moitas zonas desta bisbarra, unido aos compoñentes calcarios e arxilosos presentes en boa parte das terras son, xunto ás densidades pluviométricas discretas desta bisbarra, elementos que dan carácter aos viños desta denominación.

Nestes momentos, ao amparo do Consello Regulador de Valdeorras hai case 1.400 hectáreas de plantacións de vide. Delas, o 51% están ocupadas por variedades brancas, e o resto, por tintas. A produción sitúase preto dos 9 millóns de quilos anuais, dos que torno a 4 corresponden a brancos, e case 5, a tintos. Delles, case 2,5 millóns son de uva de godello, e outros 2 de mencia. A denominación conta con 45 adegas inscritas, que comercializan os seus viños de forma individual.

Moitas desas industrias modernizaron as súas instalacións, coa posta en marcha dos sistemas máis innovadores para a produción pero mantiveron ao mesmo tempo as vellas covas de produción de viño (hai centos na bisbarra) que seguen activas para a maduración das marcas que necesitan barrica, e tamén como expoñente cultural e histórico desta peculiar e antiga rexión produtora de viño. O Consello Regulador ten a súa sede na localidade de Vilamartín, en pleno centro da zona adscrita á denominación.

Consello Regulador Denominación de Orixe Valdeorras
Vilamartín de Valdeorras
 ☎ 988 300 295



Era unha das vías de maior importancia que os romanos construíron no noroeste de Hispania e viña completar a rede de comunicacións de carácter principal que Roma deseñou para artellar o territorio, anos atrás, conquistado por Augusto.

As primitivas vías augustas: XVII e XIX engadiuse na época de Flavio unha nova que comunicaba, por un traxecto máis curto, a cidade de *Bracara Augusta* (a actual Braga en Portugal) con Astorga, cunha lonxitude de 215 millas, é dicir uns 320 quilómetros e que os seus propios construtores denominaron como a Vía Nova pola que se movía o ouro extraído polos romanos das Medulas e do río Sil. Así pois, esta nova vía inaugurábase sendo emperador Tito e César, o seu irmán Domiciano, ao redor do ano 79 d.C.; segundo quedou plasmado nos distintos fitos miliarios que se conservan ao longo do seu trazado, un deles, moi próximo a nós, podémolo contemplar nas inmediacións da Ponte Bibeí. Nestas datas era gobernador da Provincia Tarraconense, á que pertencía o territorio da actual Galicia, Caius Calpetanus Rantius Quirinale Valerius Festus.

Para o estudo das vías romanas contamos cunha serie de documentos clásicos, entre os que podemos destacar o coñecido como *Itinerarium Antonino*, repertorio dos camiños de todo o Imperio e no que aparece a nosa vía en décimo oitava posición; de aquí que tamén a coñezamos como Vía n.º XVIII do Itinerario de Antonino.

A Vía Nova destaca das restantes vías por unha serie de singularidades que fortalecen a súa importancia histórica e patrimonial, xa que conserva un grande número de fitos miliarios elaborados en grandes bloques cilíndricos de granito, destinados, ao igual que os nosos indicadores quilométricos de estradas, a orientar e informar o camiñante á vez que facían de panfletos propagandísticos da figura do emperador reinante. Posúe numerosas pontes en bo estado de conservación, algunhas delas en uso como a Ponte Bibeí e outras que conservan grande parte da súa fábrica orixinal romana como a ponte da Cigarrosa; consérvanse grandes tramos da calzada que permiten coñecer a técnica construtiva empregada polos enxeñeiros romanos e destaca o desexo destes por trazar



Ponte da Cigarrosa

unha vía con pendentes reducidas que non superasen, nos tramos máis difíciles, o 6% de pendente. Para iso tiveron que practicar numerosas curvas e xiros que xustifican o nome da Geira coa que se coñece en gran parte do seu trazado. Son destacables os tramos dos Cóbados de Larouco e a da Serra da Enciña da Lastra.

Un dos itinerario turísticos, de singular importancia, polos que atravesaba a Vía Nova podémolo atopar na bisbarra de Valdeorras na que podemos situar algunhas das mansións que nos cita o Itinerario de Antonino: Foro en Valdeorras e Gemestario na Serra da Enciña da Lastra. Estas mansións identifícanse cunha serie de instalacións que en todo sistema organizado de comunicacións daban cobertura ás distintas necesidades dos viaxeiros; é dicir, unha rede de instalacións hoteleiras que ofrecían avituallamento, descanso, reparación de avarías, relevo de animais de tiro, etc. e estaban distribuídas ao longo da ruta a espazos comprendidos na distancia que pode percorrer unha persoa durante unha xornada de camiño. Así pois o itinerario que segue a Vía Nova ao longo

das nosas bisbarras e cos nomes usados actualmente é o seguinte:

Entra en Terras de Valdeorras polos Cóbados de Larouco, Larouco, Freixido e Ponte da Cigarrosa e pasa por Forum Cigurrorum, San Miguel de Outeiro, Vilamartín, A Rodeleira, Arcos, San Salvador da Proba, O Castro, O Córrego, O Regueiral, Rubiá, Robledo da Lastra, Os Arroxos, Tralaportela, Pedraponce e Pena Tallada para chegar á mansión de Gemestario e dende aquí continuar rumbo a Bergidum Flavium xa en Cacabelos (León).

Durante o noso percorrido pola Vía Nova en Valdeorras atoparémonos con importantes restos arqueolóxicos e fundamentalmente con mostras palpables do paso desta importante ruta por este territorio: como pontes, construcións máis destacables pola gran monumentalidade e beleza. Unha delas, a Ponte Bibej, é unha das obras romanas máis importantes que se conservan en España, declarada Monumento Histórico Artístico no ano 1931, posto que mantén practicamente a súa factura orixinaria despois de dous mil anos.

Viñas en socacos nos Codos de Larouco



A devandita ponte foi construída na época do emperador Trajano, con cadeirado de granito almofadado disposto en alternancia de sogas e tizóns, con tres arcos de medio punto desiguais, sendo o central o que presenta maiores dimensións. Ponte de maxestosas proporcións, de 75

metros de lonxitude e 22,5 metros de altura; deseñada para salvar o profundo val do río Bibei por medio de dous grandes e estilizados piares de planta rectangular rematados por tallamares triangulares, augas arriba, para minimizar o pulo das embravecidas augas do río.



Ponte do Bibei

Outra ponte de grandiosas proporcións é a Ponte da Cigarrosa, situada sobre o río Sil entre as poboacións da Rúa e Petín. De feitura practicamente medieval e moderna que aínda conserva parte da súa obra orixinaria romana centrada nas bases dalgún dos seus piares actualmente ocultas baixo as augas do encoro de San Martiño. Consta de cinco arcos de luz variable, catro deles de feitura apuntada e o central, de maior luz, de medio punto.

Sobre o trazado da vía romana aínda podemos atopar máis exemplos deste tipo de construcións civís, de factura moito máis moderna pero que non deixan de ter o seu encanto particular: Ponte da Rodeleira en Vilamartín, Ponte do Córrego entre O Castro e Vilanova e Ponte do Regueiral en Rubiá.

En relación coa época romana outros vestixios de interese na bisbarra serían os seguintes:

- Restos de explotacións auríferas romanas coa técnica da *"Ruina Montium"* igual á empregada na explotación das Médulas, nas poboacións de Córrego, Éntoma, A Medua...
- Aras como a dedicada ao Deus Baco na Igrexa de San Turxo (Millarouso) e lápidas como a de Lucio Pompeiro Reburro na Rúa Vella.
- Numerosos restos de castros en toda a bisbarra de ocupación romana, dos cales poderíamos destacar o de Valencia do Sil e o de Villamartín.



Lápida da Cigarrosa



Millarios na Vía Nova

Pena Trevinca, a montaña máis alta de Galicia na Rede Natura 2000

Pena Trevinca é o cumio máis alto de Galicia. Situada a 2.127 metros, está rodeada doutras montañas que forman un macizo denominado Macizo de Trevinca, como Pena Negra (2.119) e Pena Surbia (2.095). A zona está incluída na Rede Natura 2.000 e é Lugar de Importancia Comunitaria (LIC), ademais de zona de especial protección para as aves (ZEPA). O territorio protexido abrangue unha ampla zona de case 25.000 hectáreas situada nos límites provinciais de Ourense con León e Zamora. A maior parte atópase no concello da Veiga e no de Carballeda de Valdeorras.

A orixe do nome de Trevinca debateuse longamente por historiadores, con varias posibilidades. Por un lado, podería provir do nome dunha flor silvestre moi habitual nesta zona: trátase da Vinca Minor, o nome vulgar da cal é "Pervinca". Esta especie é moi abundante en Trevinca, florece en primavera, é de cor

azul e ten catro pétalos. Outras fontes aluden a outras posibilidades por canto o "Tre" inicial podería derivarse das tres provincias que a montaña separa, e mesmo aos tres ríos que nacen nos seus cumios.

A serra apenas está explotada turisticamente, salvo no que se refire a rutas de senderismo que son utilizadas habitualmente polos amantes da montaña. Nas ladeiras do concello de Carballeda instáláronse algúns remontes para a práctica do esquí, e existe un refuxio de montaña do Club Pena Trevinca. Tamén na cara de A Veiga hai un refuxio da Federación Galega de Montaña. Está na localidade de Ponte.

O Macizo de Trevinca ten un clima excepcionalmente duro, con fortes nevadas en inverno, que ás veces se prolongan nos cumios ata ben entrada a primavera. Os altos nevados nutren regueiros, afluentes e ríos situados en todas as vertentes da serra, como o Xil, o Xares ou o Bibei. Nos cumios hai varias lagoas, de augas

DEPUTACIÓN DE OURENSE



Comezo da primavera no macizo

transparentes e extremadamente frías durante todo o ano. Entre eses lagos naturais da serra están o da Baña, e as lagoas de Ocelo e da Serpe.

Pero se algo distingue o lugar é o delicado equilibrio natural de todo o ámbito, no que hai unha grande diversidade bioclimática, debido fundamentalmente

ao desnivel existente entre as cotas máis baixas e as que están máis elevadas. Nesta serra conviven especies de flora e fauna moi escasas noutras zonas de Galicia, e consérvanse hábitat únicos: uceiras, prados ibéricos, desprendementos mediterráneos occidentais e termófilos, pendentes rochosas silíceas, bosques aluviais, de carballos, castiñeiros, acivros



Montañeiros ascendendo a Pena Trevinca con neve

e teixos. Hai unha grande abundancia de líquens nos madeiros dos carballos, o que dá idea da pureza do aire.

Ademais da Vinca Minor, a flor ligada á orixe do nome de Trevinca, tamén hai outra planta, a xenciana, que está sendo protexida: a súa raíz era utilizada dende tempo atrás como medicina, e contén a substancia máis amarga coñecida ata agora: a amargogencina. O Concello da Veiga, ademais destas dúas especies, tamén cita a outra como as súas xoias máis prezadas nesta materia: a planta carnívora “drosera rotunfolia”, que se atopa en certa abundancia nas zonas dos pasteiros con turbeiras existentes na vertente veiguesa da alta montaña. En canto á fauna, contabilizáronse aproximadamente 165 especies de vertebrados en todo o territorio. Delas, 100 corresponden a aves, outras 36 a mamíferos, 12 a anfibios, 13 a réptiles, e 4 a peixes. A aguiña real, o voitre leonado e o falcón peregrino son algunhas das especies existentes neste ámbito. Tamén viven nesta serra lobos e perdices “perdix”, ambas as dúas especies en vías de extinción, o lagarto “schreiberi”, endémico nas silvas, e unha bolboreta

chamada “Aricia morronensis ribbe” que é endémica de montaña. Tamén hai raposos, martas, xabarís e corzos.

As escasas poboacións situadas preto dos puntos máis altos da serra conservan a arquitectura popular típica da zona, coa pedra, a madeira e a lousa como protagonistas.

GR Pena Trevinca

Os GR son percorridos a pé, de gran lonxitude, debidamente sinalizados para facilitar o camiño aos visitantes. No caso do de Pena Trevinca, a sinalización aínda non se completou, pero xa está realizada en gran parte. Ao finalizar todo o traballo, contarase cunha ruta de preto de 200 quilómetros.

Trátase dun camiño circular que percorrería territorios de varios concellos, de Ourense e Zamora: A Veiga, Carballeda, Viana e Petín, en Galicia, e Porto e Pías, en Castilla-León. Ademais, tamén están previstos varios sendeiros de pequeno percorrido (PR).



Lagoa de Ocelo

O GR partiría de calquera dos puntos previstos, e realizaríase na dirección que cada camiñante quixese. Pero, por exemplo, saíndo de Ponte, en Zamora, pasaría por Vilanova, Ricosende, Soutadoiro, A Ermida do San Xil, minas de Valborraz, Veiga de Conde, Encoro de Ponte Porto, Porto, Pías, Sever, Cepedelo, Penouta, Corzos, Baños e Xares.

É unha ruta dunha dificultade alta, tanto pola súa lonxitude coma pola ascensión que é preciso realizar, xa que Trevinca está a 2.127 metros e moitos dos montes circundantes, a máis de 2.000. Ademais, o desnivel chega a ser de 1.700 metros –dependendo onde se inicie a ruta–, e as dificultades poden ser maiores en función da climatoloxía. En inverno, só pode ser realizada por montañeiros experimentados.

Este sendeiro permite coñecer moitas das lagoas de orixe glaciá que existen no macizo, así como aldeas de alta montaña que seguen conservando o sabor de antano. Os refuxios existentes na ruta garanten protección e abrigo aos senderistas.

Exemplar da diversidade de flora existente na zona



Practicando esquí no macizo



A Serra da Enciña da Lastra foi declarada parque natural pola Xunta de Galicia no ano 2002. Antes, aprobárase o Plan de ordenación dos recursos naturais desta serra, que dende 2001 era zona de especial protección para as aves (ZEPA). O territorio protexido ten unha superficie de algo máis de 3.151 hectáreas. O parque é un cordal montañoso de rochas calcarias –moi raras en Galicia–, con profundos vales, que separa as bisbarras de El Bierzo (León) e Valdeorras (Ourense). Trátase dunha área de grande importancia ecolóxica e paisaxística, na que sorprenden os picos afiados e vales glaciares que se formaron ao longo dos séculos na rocha calcaria marmórea. Estas peculiaridades xeomorfolóxicas propiciaron a formación de aproximadamente vinte covas de orixe kárstico, coñecidas como “palas”.

No macizo da Serra da Lastra conviven bosques mediterráneos, soutos de castiñeiros, pasteiros, zonas humanizadas para usos agrícolas ou gandeiros e pequenas poboacións. É unha área con grandes contrastes, con altitudes que oscilan entre os 400 metros nas ribeiras bañadas polo Sil e os máis de 1.110 metros da Pena da Tara. O Sil remansa no encoro de Penarrubia, e o río Galir sor-

prende polo seu valor ecolóxico, cunha das escasas poboacións de cangrexo de río autóctono de toda Galicia.

O parque é a mellor representación da flora mediterránea en Galicia, con extensos bosques de aciñeira, xunto con oliveiras e sobreiras. Existe unha enorme diversidade botánica, con máis de 1.000 especies de flora superior, o que significa que ao redor do 50 % da flora total de Galicia pode atoparse nun territorio que non chega ao 2 % da superficie íntegra da comunidade. Catalogáronse 25 especies de orquídeas, a maior cantidade en todo o territorio galego, e hai plantas endémicas exclusivas desta zona.

Entre as case 500 especies de plantas vasculares catalogadas no parque natural, hai 40 endemismos ibéricos. Calcúlase que na Lastra están as únicas poboacións, a nivel mundial, de polo menos seis especies. Algúns fentos e unha variedade de tomiño, de pequeno tamaño, apenas se puideron atopar noutros lugares de Galicia. Crese que hai máis de 60 especies que, na comunidade galega, só se localizaron nestas terras, e polo menos outras 55 son de distribución moi restrinxida neste territorio.



En canto á fauna, existe tamén unha gran variedade. Neste espazo viven preto de 200 especies de vertebrados. Delas, 9 son peixes, 10 anfibios, 13 réptiles, 124 aves e 38 mamíferos. 124 están protexidas na categoría de interese especial no Catálogo Nacional de Especies Ameazadas, e 75 son consideradas de relevancia pola súa reducida área de distribución ou o seu desfavorable estado de conservación. Hai na Lastra 11 endemismos ibéricos, cunha especial mención á la-

garta cincenta (*Psammodromus hispanicus*), moi escasa en Galicia. Tamén hai unha das comunidades de morcegos máis ricas de todo o territorio, con nove especies confirmadas, e polo menos cinco de presenza posible.

Non obstante, o principal valor faunístico constitúeno as aves, co maior número de especies nidificantes de toda Galicia. Varias especies teñen nesta serra o 10% da súa poboación galega. Ten presenza

Flora típica na Serra da Lastra



exclusiva do picogordo (*Coccothraustes coccothraustes*), así como o alimoche e o voitre branco, aínda que este último de xeito máis ocasional. Ademais, é unha das escasas zonas de Galicia onde nidifican a aguia real, o moucho real, a aguia calzada e a pomba das rochas, entre outras especies. O miñado negro, a aguia cobreira, o lagarteiro vulgar, o falcón peregrino, o merlo azul, o picanzo común e outras moitas aves tamén poden atoparse nesta serra. As comunidades de aves rapaces son de grande interese, e únicas na comunidade galega. A inaccesibilidade dos profundos canóns e acantilados que forman o río Sil é perfecta para que poidan establecerse as aves. Un mamífero que tamén pode verse nesta serra é o gato montés e, ocasionalmente, poden divisarse corzos e cervos.

Rutas de sendeirismo sinalizadas

Ruta do Val do Sil

A ruta pode iniciarse no miradoiro de Covas, ao lado da N-120, e dende alí descenderemos ao pobo. Á altura da estación de tren, toma un camiño á dereita, que leva ao antigo camiño que unía Covas con Vilardesilva. No camiño aprécianse rochas calcarias, aciñeiras, castiñeiros e outras moitas especies vexetais. Vilardesilva é o final do camiño.

Lonxitude: 5 Km.

Duración: 1 hora 30 minutos

Dificultade: baixa-media

Ruta Tras os Penedos

A ruta atópase no límite do parque natural coa provincia de León. Comeza na área de descanso situada nas proximidades da N-120. Percorre unha zona non poboada e remata no mesmo lugar, despois de contemplar diferentes especies naturais presentes en todo o parque.

Lonxitude: 2 Km.

Duración: 1 hora

Dificultade: baixa

Ruta das Galegas

Dende o pobo de Biobra, toma o camiño situado ao lado do cemiterio, que leva a unha zona coñecida como O Penedón (848 metros de altitude), dende onde, por unha senda entre aciñeiras e vexetación mediterránea, toma a estrada local OU-622, que se cruza para tomar outro camiño que leva á poboación de Oulego, onde finaliza a ruta.

Lonxitude: 8 Km.

Duración: 3 horas

Dificultade: media

Ruta das dúas Vertentes

Comeza o itinerario na fonte da poboación de Biobra, e ascende ata chegar ao cemiterio, onde se toma un camiño,



Centro de Interpretación do Parque Natural en Biobra

entre castiñeiros, a Ladeira de Abeirada, a uns 850 metros de altitude. Continúa o camiño ata un miradoiro dende onde hai unha fermosa vista dos vales do Sil e do Galir. Pasa polo lugar de Escrita, dende onde descende para tomar un desvío á dereita que, entre castiñeiros e terras de labranza, leva ata Biobra, ao final da marcha.

Lonxitude: 4 Km.

Duración: 2 horas

Dificultade: media

Datos de interese

Superficie: 3.151 hectáreas

Altitude media: 684 m.

Figuras de protección: parque natural, LIC; ZEPA, ZEPVN

Para chegar: O acceso é moi doado, xa que a zona do parque natural está ao lado da estrada N-120, que uné Logroño con Vigo, no termo municipal de Rubiá, xusto no límite entre as provincias de León e Ourense.

Atención ao público: Lugar de recepción: Sede-Centro de visitantes do parque, situado na aldea de Biobra, s/n. Concello de Rubiá.

Novo centro de interpretación:

Sede-Centro de visitantes do parque, situado na aldea de Biobra, s/n. Concello de Rubiá.

Horario de apertura: 10:00 a 14:00 horas os sete días da semana e de 16:00 a 20:00 de mércores a domingo.

Observatorios de fauna: Si.

Itinerarios sinalizados: Ruta do Val do Sil entre as aldeas de Vilardesilva e Covas; Ruta Tras os Penedos; Ruta das Galegas e Ruta das dúas vertentes.

Material divulgativo: Si.

Paneis interpretativos: Existen paneis informativos e interpretativos.

Flora típica da Serra da Lastra



Acíbeira típica en Covas



Os historiadores din que Forum Cigurorum foi a poboación máis antiga de Valdeorras. Era onde residían os primitivos poboadores da bisbarra, os Cigurros ou Egurros, e que se situaba onde hoxe está A Rúa, moi preto da ponte da Cigarrosa. Que a vila ruesa ten moita historia que contar evidencian os innumerables restos arqueolóxicos atopados en diferentes zonas do concello, así como a variedade de estilos arquitectónicos en igrexas e pazos. Pero quizais o que máis caracteriza á Rúa na actualidade é o encoro de San Martiño, un verdadeiro paraíso natural no que teñen cabida centos de especies vexetais e animais. O encoro, en torno ao que se reúne a oferta deportiva, recreativa e ata lúdica da vila, é un dos maiores recursos turísticos do municipio, aínda que sen esquecer os seus outros moitos atractivos.

PARA VISITAR

O Aguillón e o encoro de San Martiño

O complexo polideportivo do Aguillón é unha zona verde situada no ámbito do encoro de San Martiño, unha lagoa artificial de 7 quilómetros de longo e case 2 de ancho, no que hai quince illas e unha grande cantidade de especies de flora e fauna. No ámbito de San Martiño catalogáronse da orde de 600 especies de plantas diferentes, e máis dunha ducia de distintas familias de parrulos. O encoro, en xeral, e as illas, especialmente, son zona de aniñamento de moitas aves, algunhas das cales permanecen durante todo o ano no lugar, mentres que outras, de tipo migratorio, adoitan chegar en primavera para aniñar. É un encoro ideal para a práctica de deportes acuáticos, aínda que a presenza de parrulos limitou moito o uso deportivo das augas.

O complexo do Aguillón rodea o encoro en toda a marxe dereita do río, ao seu paso pola Rúa. Trátase dun espazo de decenas de hectáreas no que se sitúan a maior parte das instalacións deportivas do concello. Aquí atópanse o campo de fútbol municipal, o polideportivo, as piscinas, canchas de tenis, o refuxio de pescadores e outras instalacións. Parte do espazo está destinado ao paseo, con frondosas árbores, moito céspede e zonas pavimentadas, con parques infantís para dar cabida aos visitantes e veciños de todas as idades. Noutra zona, menos “tocada” polo home para manter o máis



Paseo do Aguillón

intacta posible a súa natureza, hai paseos de terra que se internan entre as árbores, e que en ocasións chegan ás pequenas enseadas que o encoro provoca na terra, dando lugar a privilexiados miradoiros dende onde observar as aves que frecuentan esta zona. O Aguilón é, ademais, o lugar onde se celebran moitas das actividades lúdicas programadas polo concello. Alí teñen lugar actuacións musicais de relevancia, a Feira do Viño e outras festas populares.

Ponte da Cigarrosa

A ponte da Cigarrosa sitúase entre A Rúa e Petín, sobre o río Sil. A súa orixe remóntase á época romana, pero a construción orixinal derrubouse case por completo, foi reconstruído no século XVI, con reformas cen anos despois. Estes feitos provocaron que, hoxe en día, se conserven poucos restos da súa estrutura orixinal. De orixe romana só quedan, no segundo piar, cinco fiadas de perpiños de preto de dous metros de altura, mentres que no cuarto piar están os fundamentos romanos. O seu perfil levántase, imponente, sobre as augas do Sil, recordando o seu pasado romano e a importancia que nesa época tiveron os asentamentos situados onde agora está A Rúa.

Restos prerromanos

Na parroquia de Roblido, e máis en concreto nos montes de Cereixido, atópanse restos de enterramentos megalíticos –as mámoas, das que tamén hai exemplos noutros lugares da bisbarra– de tempos prerromanos, e na Rúa Vella localizáronse tamén petroglifos datados na Idade de Bronce. En canto aos castros, localizáronse tres de importancia neste concello. En Vilela atópase o castro da Capela, e na Rúa Vella está o da Coroa, unha zona ampla agora plantada de viñedos e tamén en Fonteí está o Castrillón. En todos os casos, os restos son de difícil localización por parte dos non expertos, pero dan idea da importancia da Rúa como asentamento dos primeiros poboadores.

Restos romanos

Son moitos os restos romanos achados no concello da Rúa, pero a maior parte deles non poden verse na actualidade. Algúns, porque pola súa importancia están agora no Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense. Os mosaicos da Cigarrosa conservados –con motivos de peixes, nuns casos, e xeométricos, noutros– corresponden aos séculos III e IV, e atópanse neste museo provincial.



Cerca da Coroa, onde antano se situaba un castro, atópase unha explotación, A Pala, na que se localizaron abundantes restos romanos, entre eles un ronsel funerario de pedra, de 70 centímetros de altura, con formas redondeadas e rostro humano.

Entre os que poden verse na Rúa destaca a lápida da Cigarrosa, situada na igrexa de Santo Estevo, na Rúa Vella. De acordo coa inscrición, podería ser do século II, e narra a carreira militar dun valdeorrés, Lucio Pompeyo Reburro Flavio, que chegou a ser membro da garda pretoriana.

Casa Grande de Fontei

É unha das Casas Grandes de maior interese na Rúa. Situada en Fontei, ten o sabor dos pazos galegos, cunhas dimensións de importancia e rodeada dun pequeno pero interesante xardín. O edificio actual non é o orixinal, xa que houbo de ser reconstruído en 1809, tras un incendio que o destruíu por completo. De titularidade privada, o seu interior non pode visitarse. Ademais desta Casa Grande, hai outras no municipio que tamén fan re-

cordar o pasado señorial da Rúa. A maior parte delas, con rechamantes escudos nas súas fachadas principais.

Patrimonio relixioso

A igrexa de Santo Estevo é o templo que ten máis elementos de interese. Situada na Rúa Vella, as súas orixes atópanse no século XII, aínda que a maior parte do edificio actual foi construída no século XVII, con reformas posteriores. Na súa construción tomaron parte relevantes artistas da época, como os irmáns Arias para a pintura, e o mestre Martínez Pita para a reforma da nave. O resultado é un templo de estilo indefinido, pero que sorprende pola súa sobriedade e beleza, destacando entre as vivendas situadas a moi poucos metros das súas fachadas.

Outro dos templos importantes é a igrexa de San Xoán, en Roblido. Trátase dun edificio de orixe románica, pero finalmente de estilo neoclásico, cunha única nave e aspecto extremadamente sobrio. A fachada está por completo desprovista de elementos decorativos, que lle imprimen unha elegancia impresionante.



Casa Grande de Fontei

Tamén paga a pena visitar a Capela de San Roque, na Rúa Vella. Trátase dun pequeno templo construído no século XIX, que reborda de fieis especialmente durante as festas en honra ao seu patrón. Por último, na Rúa atópase a Igrexa de Fonteí, de estilo moderno e escaso valor arquitectónico, pero na que destacan os súas elegantes e vistosas torres recubertas de lousa.

PARA GOZAR

Rutas turísticas

Ruta Fonteí - Miradoiro Barranco Louro - Vilela

Partindo da igrexa de Fonteí, débese tomar o primeiro desvío e, tras cruzar unha pasarela na N-120, séguese pola pista situada á dereita. Unha vez no miradoiro, recoméndase botar unha ollada á paisaxe, co encoro e as montañas como elementos máis impresionantes, e seguir o camiño cara a fonte da Trabe. Dende alí descéndese case polo mesmo camiño, pero en dirección a Vilela.

Lonxitude: 15 km.

Dificultade: media

Ruta A Rúa Vella - Somoza - A Reza

Esta ruta parte da praza da Rúa Vella, cruza a N-120, segue un camiño ata A Pala, e alí toma un sendeiro para chegar ás Pinguelas, onde se atopa unha fonte de augas exquisitas. A ruta retrocede polo mesmo camiño, xirando a man esquerda, para chegar a unha zona coñecida como A Coroa. Continúase a estrada, para chegar a Somoza, e logo a San Xulián, e o regreso é por Somoza, pola capela de San Roque, na Rúa Vella, e pola Reza, unha área recreativa as beiras do Sil, de gran beleza.

Lonxitude: 14 km.

Dificultade: baixa

Ruta A Rúa - Montefurado - A Rúa

Neste caso a ruta parte do instituto da Rúa, e toma a estrada en dirección a Roblido e tras pasar esta poboación, nun cruzamento de camiños debe tomarse o do centro, e, máis adiante, o da esquerda, para chegar a Alvaredos, unha aldea situada na veciña provincia de Lugo. Para chegar a Montefurado, crúzase esta poboación e tómase a estrada comarcal. O regreso á Rúa realízase pola estrada comarcal.

Lonxitude: 17 Km.

Dificultade: media



Igrexa de San Esteban



Igrexa de Fátima

Feiras e festas

Feira do Viño de Valdeorras

Na Rúa ten lugar todos os anos no mes de agosto, no complexo do Aguillón, onde se instalan unhas carpas para a ocasión. Acoden as adegas da Denominación de Orixe Valdeorras, entidade que colabora co Concello na organización.

Festa da Empanada de Costrelas

Esta festa gastronómica ten lugar cada ano, na Rúa Vella, habitualmente no mes de decembro. Os veciños reúnense baixo as carpas instaladas na praza para gozar dunha empanada única e que gusta a todos, xunto a outros manxares tradicionais da zona que completan o xantar.

Festa do Lomedro

Máis recente que a Festa da Empanada de Costrelas, esta celebración conseguiu reunir centos de persoas en torno a unha mesa para degustar, fundamentalmente,

o lomedro do porco, acompañado nesta festa de patacas, grelos e chourizos. Célebriase no mes de xaneiro.

Feiras

Os días 7 de cada mes ten lugar en Fontei a feira mensual, a de máis relevancia do concello. A Feira do Ano é cada 30 de novembro, Santo Andrés.

Festas patronais

As festas máis importantes do concello son as que teñen lugar na Rúa, a primeiros de agosto. Chámanse Festas do Verán e atraen moitos visitantes e veciños. Ademais, hai outras celebración festivas no concello: a Virxe de Fátima, en Fontei, o 13 de maio, San Antón, tamén en Fontei o 13 de xuño. Roblido celebra o San Xoán o 24 de xuño. O 16 de xullo, día da Virxe do Carme, é a festa patronal de Vilela, San Roque celébrase na Rúa Vella a mediados de agosto, e en Somoza teñen lugar as festas de San Lourenzo o 10 do mesmo mes.



Feira do viño

PARA COMER

Restaurante Marisquería Peyma

☎ 988 310 266

Restaurante Berna

☎ 988 310 124

Mesón O Toño

☎ 988 310 410

Restaurante Cazador

☎ 988 311 329

Restaurante Oeste

☎ 988 310 098

Restaurante Don Godello

☎ 988 310 675

Despacho de Comidas A Pepa

☎ 988 312 100

Casa de Comidas A Lareira

☎ 988 310 235

Bar Restaurante Taxi

☎ 988 310 411

O Recucho p'a Comer

☎ 988 685 322

PARA DORMIR

Hotel Espada**

☎ 988 310 075

Hostal Berna

☎ 988 310 124

Hostal Niza

☎ 988 310 807

Hostal Oeste

☎ 988 310 098

Hostal Fabio

☎ 988 312 433

Hostal Taxi

☎ 988 310 411

TELÉFONOS DE INTERESE

Concello

☎ 988 310 116

Taxis

☎ 988 310 079

Centro de Saúde

☎ 988 310 176

Farmacia R/ Doutor Vila

☎ 988 310 658

Farmacia Progreso

☎ 988 312 340

Garda Civil

☎ 988 336 040

Renfe

☎ 988 310 706

Bombeiros

☎ 988 336 022

Feira mensual



Detalle da Casona da Rúa



A Veiga é o concello con maior extensión da provincia de Ourense. É tamén o concello no que se atopa o punto máis alto da comunidade. Trátase de Pena Trevinca, que cos seus 2.127 metros de altitude, domina unha paisaxe caracterizada polo branco da neve en inverno, e a frondosa vexetación que invade, alá onde o permite a auga de encoros e ríos, todos os cantos do termo municipal en canto chega a primavera. Moi rico en especies vexetais e animais, A Veiga é destino obrigado para os amantes da natureza case virxe, da tranquilidade e o sosego, pero tamén dos que busquen historia, arte, tradición, ou dos que queiran a beleza das praias de area en pleno interior da provincia de Ourense. Este Concello atesoura, entre outros recoñecementos, o Premio Bandeira Verde, na modalidade de mellor acción na conservación da biodiversidade, polo seu labor de divulgación do espazo natural de Pena Trevinca. A Rede Etnográfica conservada no concello recibiu o Premio Agader de embelecemento do medio rural galego, e está entre os seleccionados para a súa declaración como Concello Etnográfico.

PARA VISITAR

Rede Etnográfica

A Veiga é un dos poucos concellos que puxo en marcha un programa de rehabilitación e conservación dun número relevante de edificacións nas que ata fai non moitos anos se exercían oficios tradicionais. A creación desta rede converteuse nun dos maiores atractivos

do concello. Está integrada por tres muíños, dous teares, un forno comunal, unha palleira e unha forxa, que se distribúen en núcleos de poboacións diferentes. En Vilaboa pode visitarse o Tear da Ermida. En Corzos, o Muíño dos Carballos e a Forxa do Pobo. En Espiño, o Forno Comunal, mentres que o Tear de Camila está en Meixide, e o Muíño e Ponte das Lastras atópanse en Edreira. No camiño que une as poboacións de



Muíño de Manuel Benigno

Xares e Ponte está o Muíño de Manuel de Benigno, e en Requeixo pode verse o Museo do Liño, situado na Palleira do Xardín. Os propios veciños fan de guía para os visitantes.

Castros

Da historia máis remota da Veiga dan fe tanto os castros como os restos celtas e prerrománicos descubertos no concello. As edificacións máis antigas catalogadas no termo municipal son as chamadas “mámoas”, construcións de pedra da época prehistórica. Na aldea de Meda poden verse “A Pedra Má” e “As Pouliñas”, e en Xares atópase “O Lombeiro da Pena Escrita”. Na Casa dos Baqueiros, en Ponte, hai uns gravados que os expertos consideran son de orixe prerromana.

En canto aos castros, –antigos recintos fortificados– son moitos os que poden visitarse, aínda que en dispar estado de conservación. Os máis destacados son o que está situado na poboación de Cas-

tromao; o de Corbaceiras, no pobo de Corzos; o das Mourinallas, en Espiño; o de Lama Redonda, en Lamalonga; o da Espenuca, en Prada; e o Castro das Caborcas, en Requeixo.

Cántara da Moura

No río Corzos, preto da poboación do mesmo nome, hai unha zona natural con varias covas de pedra, unha exuberante vexetación e fervenzas de auga en todo o ámbito. Na Cántara da Moura, un deses ocos, o río formou unha piscina natural, e a auga sae de novo ao exterior, a través dunha porta, en forma de fervenza. O nome desta cova fai referencia a unha lenda que conta a historia dunha fermosa “moura” (unha fada) que, ao parecer, residía nela. Un día, saíu ao exterior para sentar na marxe do río, onde peiteaba os seus longos cabelos dourados cun peite de ouro, mentres esperaba a chegada das mozas de Corzos que coidaban do

Interior dun muíño de auga





Igrexa de Valdín

gando. Cando as mulleres pasan ao seu lado, deixa caer o seu peite. Di a lenda que, se a moza para a recoller o peite, será recompensada cunhas moedas de ouro. Se non se detén, será castigada pola “moura”, que a converterá nunha pedra como as moitas que hai na zona. Trátase dun lugar con encanto e que desprende maxia.

Patrimonio relixioso

No concello existen numerosas igrexas e capelas de moi diferentes épocas, pero destacan sobre todo as que contan con fachadas barrocas, a maior parte delas con elementos típicos do chamado “barroco galego”: pináculos e bolas en torres e fachadas. As igrexas das poboacións de Baños, Castromao, Requeixo e Valdín son, xunto á de Carracedo, as máis destacadas neste sentido. Nalgunhas delas cóntase con retablos de estilo barroco moi destacables. Tamén é de interese a igrexa de Santa



Igrexa de Xares

María de Xares, a orixe da cal se data en 1010, aínda que foi reformada no XVI. A súa planta é típica da arte románica e a súa fachada é neoclásica. Outro templo que paga a pena visitar é o santuario do Cristo da Ascensión, de Prada. Construído en 1690 e reformado posteriormente, contrasta o seu exterior sobrio, cun interior no que destaca o retablo. Tamén é interesante visitar a igrexa de Seoane, de estilo neoclásico.

PARA GOZAR

O Encoro de Prada

O aproveitamento do encoro de Prada é un dos elementos fundamentais do atractivo turístico do concello da Veiga. No encoro poden atoparse tranquilas zonas de descanso baixo o abrigo de frondosas árbores, pero tamén praias e calas de area que invitan a gozar do sol e dos deportes fluviais. No centro do encoro hai unha illa, a de Preboubro.

Nas marxes dos 11 quilómetros ou 25 de perímetro de encoro aséntanse nove poboacións, entre elas A Veiga, ademais de Casdenodres, Castromarigo, Candeda, Meda, Prada, Corexido, Vilaboa e Santa Cristina. A illa de Preboubro é un espazo natural situado no centro do encoro, con fermosas praias, grandes rochas e unha vexetación que anima á contemplación e o descanso.

A praia fluvial dos Franceses é a máis importante deste concello. Está situada na marxe esquerda do río Xares, ao seu paso pola Veiga, e é un lugar ideal tanto para gozar da auga e do sol, coma para a práctica de diferentes deportes acuáticos. Na propia praia dispónse dunha grande oferta de actividades para os visitantes: piragüismo, esquí, natación, motonáutica e pesca, e ata aluguer de embarcacións deportivas. A praia conta con duchas, aseos e servizos de socorrista e vixilancia.

O catamarán posto en marcha polo Concello da Veiga ten a súa saída na Praia dos Franceses e realiza percorri-



dos polo encoro durante os meses de verán. Entre outros lugares, visítase a Illa de Prada e nágase por enriba da aldea de Alberguería, que quedou asolagada polas augas nos anos 50, cando se construíu o encoro.

Na marxe dereita, tamén na localidade da Veiga, pode percorrerse o paseo fluvial, no que destaca o Bosque das Esculturas e a Aula da Natureza.

Rutas turísticas

Ruta da Cántara da Moura

Sae da Veiga, en dirección á localidade de Corzos, pasando pola Cántara da Moura, e seguindo logo pola poboación de Castromao, para ver o castro e a igrexa.

Lonxitude: 18 Km.

Duración: 6 horas, aproximadamente

Dificultade: media

Ruta da Reserva de Caza Maior de Xares

Parte de Xares, poboación dende a que se chega á Lagoa do Sextil e o Alto da Corraliza, para continuar logo ata a Lagoa do Celo, con regreso a Xares. Durante a ruta, poderán verse moitos animais en

liberdade, entre eles corzos, cervos, xabarís, muflóns e cabras montesas, ademais de diferentes aves e unha flora moi diversa.

Lonxitude: 20 Km.

Duración: 7 horas

Dificultade: alta

Ruta de Pena Trevinca

Sae de Vilanova, seguindo o camiño das antigas minas de wolfram, tómasse un camiño á esquerda, para chegar a Pico Maluro (1.934 m.), e ascender Pena Trevinca (2.127 m.). Para regresar, pódese seguir o curso do río Maluro, ata chegar a Vilanova, ou seguindo a canle do río Xares dende o seu nacemento ata a aldea de Ponte, para volver dende aquí ata Vilanova.

Lonxitude: 14 Km.

Duración: 7 horas

Dificultade: alta

Ruta perimetral do Encoro

Bordea o Encoro de Prada, pasando polas localidades de Casdenodres, Castromarigo, Candeda, Meda, Prada, Corexido, Vilaboa, Santa Cristina e A Veiga. Impresionantes paisaxes naturais. É



Regato concello da Veiga

unha ruta óptima para realizar en bicicleta de montaña.

Lonxitude: 30 Km.

Dificultade: media

Sendeiro de Gran Percorrido

Recentemente púxose en funcionamento un sendeiro de gran percorrido que bordea o macizo de Trevinca (incluído na Rede Natura 2000) e percorre zonas do parque natural do Lago de Sanabria. O sendeiro ten unha lonxitude total duns 255 Km. distribuídos en diversos tramos. Discorre por terras galegas e zamoranas, polos termos municipais da Veiga, Viana do Bolo, Petín, Carballeda de Valdeorras, Porto e Pías. Para a súa realización aproveitáronse, na medida do posible, os camiños que antigamente se empregaban para comunicar os pobos entre si ou para conducir o gando a lameiros de montaña. Está sinalizado con marcas, postes de seguimento, indicadores e paneis informativos que se integran perfectamente no medio. No termo da Veiga transita polas antigas minas de wolfram en Vilanova, as localidades de Ponte –unha xoia etnográfica–, Xares, Baños e Corzos. Ten derivación á lagoa glaciaria de Serpe.

Feiras e festas

Feiras mensuais

Días 9,17 e 29

Trevenatio Feira de Caza e Natureza

Celébrase en A Veiga a finais de xullo, dende hai varios anos, para dar a coñecer a riqueza natural do concello.

Vía crucis da Serra

Ten lugar na poboación de Lamalonga en Semana Santa, cun percorrido de 14 quilómetros, con 15 estacións. Todas elas



Maqueta do concello

Catamarán no encoro de Prada





Fachada do Santuario do Cristo da Ascensión en Prada

están realizadas en esculturas de pedra, obra dun artista local xa desaparecido, Pepe de Barrio.

Corpus Christi

Na poboación da Veiga mantense a tradición da confección de alfombras florais nesta celebración.

Romaxe do Cristo da Ascensión

En maio celébrase no Santuario do Cristo da Ascensión, en Prada, unha romaxe que adoita ser multitudinaria, pola fama milagrosa do lugar. O templo está rodeado de castiñeiros e unha paisaxe espectacular. É tradición realizar unha peregrinación a pé polos antigos camiños dende a Veiga.

Agosto en festas

En Agosto non hai un só día no que non se celebre unha festa en polo menos unha poboación do concello da Veiga. O regreso dos moitos emigrantes durante este mes propicia a organización das festas patronais.

Festa do Emigrante

Na Veiga, tamén no mes de agosto.



Detalle dun balcón de pedra

PARA COMER

Restaurante El Ciervo de Xares

☎ 988 350 237

Restaurante Río Xares

☎ 988 350 094

Mesón As Chairas

☎ 988 350 168

Restaurante Pena Trevinca

☎ 988 350 101

Eido das Estrelas

Valdín. ☎ 988 343 554 - 639 010 799

www.eidodasestrelas.es

Hotel de Montaña Aira da Petada

Corzos. ☎ 676 482 902 - 639 883 344

PARA DURMIR

Hotel El Ciervo***

Xares. ☎ 988 294 878-988 350 134

www.hotelesciervo.com

Hotel As Chairas**

Carretera de Covelo. ☎ 988 350 168

Hospedaxe Pena Trevinca

A Veiga. ☎ 988 350 101

Hotel de Montaña Aira da Petada

Corzos. ☎ 676 482 902 - 639 883 344

Turismo Rural O Trisquel

Vilanova. ☎ 988 294 858

www.otrisquel.com

Refuxio de Montaña Folepa

Vilanova. ☎ 988 294 858

Porto do Carro

Corzos. ☎ 988 294 016

www.portodocarro.com

Turismo Rural Eido das Estrelas

Valdín. ☎ 988 343 554 - 639 010 799

www.eidodasestrelas.es

Árbores de Lenda

Xares. ☎ 988 350 136 - 650 662 966

Camping As Chairas

Estrada de Covelo. ☎ 988 350 168

TELÉFONOS DE INTERESE

Concello

☎ 988 350 000

www.aveiga.es

Mail:aveiga@penatrevinca.com

Oficina de Turismo

☎ 988 350 130

Centro de Saúde

☎ 988 350 025

Garda Civil

☎ 988 350 052

Correos

☎ 988 350 007

Farmacia

☎ 988 350 002

Praza da Veiga coa igrexa de fondo e as antigas escolas



En apenas media hora en coche, en Carballeda pódese pasar de apenas 400 metros de altitude aos máis de 2.000 que teñen algúns dos picos montañosos situados no termo municipal. E tamén das paisaxes ribeirás en torno ao río Sil aos de alta montaña, cos cumios máis elevados de Galicia. En Carballeda –o único concello da bisbarra cuxo nome non é igual ao da cabeceira municipal, Sobradelo– poden verse lagos naturais e artificiais, bosques singulares como o Teixadal, o mellor e máis grande bosque de teixos de Europa, cavorcos cunha vexetación exuberante e montañas case permanentemente nevadas en inverno. E, todo, coa singularidade que ofrecen as montañas escavadas para a extracción da lousa. Das entrañas de Carballeda sae unha gran parte da lousa que se vende en todo o mundo, xerando unha economía da que depende en boa medida toda a bisbarra de Valdeorras. As explotacións a ceo aberto deste sector son unha escola perfecta para os que queiran coñecer, cunha simple ollada, os sistemas de extracción deste mineral.

PARA VISITAR

O Teixadal

O Teixadal é unha xoia natural encravada nas proximidades do macizo de Pena Trevinca. Trátase dun bosque de teixos que, ademais de ser un dos bosques máis antigos de Galicia, é tamén único da súa especie en Europa. Está formado por algo máis de 400 exemplares de teixo, moitos deles centenarios e algúns con máis de mil anos de antigüidade. A orixe do bosque remóntase ás masas de teixos que existiron en España na era terciaria e que rexeneraron espontaneamente neste lugar. Situado a unha altitude de entre 1.300 e 1.700 metros, ten unha superficie de 2 hectáreas e, aínda que o seu acceso é difícil e debe realizarse a pé no seu último tramo –aproximadamente



Igrexa de Casaio

45 minutos de andaina– paga a pena aproveitar unha mañá de primavera para internarse nun bosque absolutamente singular. Trátase dun conxunto natural protexido. Ademais de teixos, tamén poden atoparse carballos, acivros e abeleiras. Relativamente preto do Teixadal está outro bosque interesante, Foio Castaño, pola súa grande variedade de especies arbóreas.

Fonte da Cova

Fonte da Cova é unha paraxe situada na ladeira de Pena Trevinca, na que se situaron ata agora os únicos remontes para a práctica do esquí nesta montaña. Son obra do Clube Pena Trevinca, que iniciou as súas actividades neste lugar hai moitos anos. Este clube ten tamén un refuxio neste punto, que serve de lugar de reunión para os esquiadores e amantes da alta montaña. Ademais de destino de neve, Fonte da Cova é tamén paso obrigado para todos aqueles que queiran realizar algunha das rutas postas en marcha por este clube no ámbito. Moi preto do refuxio, pero un pouco máis arriba, atópase un Centro de Desenvolvemento Turístico, propiedade do Concello de Carballeda e inaugurado no verán de 2007, onde se dispón de cafetería, restaurante e hotel, e no que se organizan actividades de todo tipo para os visitantes. Para a súa construción respectouse a tipoloxía das vivendas tradicionais, coa pedra, a madeira e a lousa como elementos esenciais, e un respecto absoluto ao ámbito.

Encoro de Pumares

Se o Teixadal está a máis de 1.500 metros, o ámbito do Encoro de Pumares atópase a apenas 400 metros de altitude. Cunha vexetación tipicamente ribeirá, no encoro aniñan diversas especies de parrulos. Apto para a pesca e a práctica de deportes náuticos, o encoro está cha-

mado a converterse, de acordo cos plans municipais, nunha zona deportiva e lúdica de grande relevancia na bisbarra. Nas proximidades do illote haberá un centro deportivo con escolas para a práctica de deportes na auga, especialmente a vela. Tamén no ámbito de Pumares, pero xa no río Sil, recórdase cada ano o pasado aurífero do río coa celebración de bateas organizadas por asociacións que intentan recuperar esta tradición, antano moi ligada aos costumes da zona.



Encoro de Pumares

Malecón de Sobradelo

Nas marxes do río Sil, na capital municipal, Sobradelo, creouse un paseo ou malecón, que permitiu recuperar a ribeira e crear un espazo lúdico para todos os veciños e visitantes da localidade. As zonas verdes, con céspede e árbores, complétanse cun paseo urbanizado que pasa por debaixo da Ponte Nova. Neste lugar, ademais, ce-

lébranse multitude de actividades, entre elas as festas da Encarnación, as máis importantes do concello. Nun dos extremos do Malecón atópase a zona deportiva de Sobradelo, na que se conta, entre outras instalacións, cunhas piscinas de dimensións olímpicas, as máis grandes da bisbarra. A súa situación privilexiada e as súas características fan que sexan unhas instalacións moi utilizadas polos veciños.



Malecón de Sobradelo

Ponte Nova de Sobradelo

Tamén en Sobradelo se atopa unha das pontes máis orixinais e monumentais da zona. Composta por sete arcos de pedra vermella do país, ten un sitio relevante na historia: na Guerra da Independencia contra os franceses, o Abade de Casaio, Juan Ramón Quiroga, á fronte do exército de voluntarios de Valdeorras, mandou derrubar o arco principal para evitar o paso das tropas inimigas ao outro lado do Sil. Construírse entre os séculos XVI e XVII, e tras ese incidente, tardou bastante tempo en repararse, pero finalmente fíxose a finais do século XIX. A ponte divide a localidade de Sobradelo en dous e, malia o tránsito de vehículos que soporta de forma continua, está moi ben conservada, apoiada na pedra viva que forma o leito do río Sil.

Ponte Nova de Sobradelo



Restos arqueolóxicos e romanos

No concello de Carballeda pódense atopar moitos restos arqueolóxicos, a maior parte deles difíciles de ver. É o caso do conxunto de dolmens existente nunha zona coñecida como Lombo das Arcas, que dá fe da existencia de asentamentos na zona dende épocas prerromanas. No que se refire a restos romanos, destacan os da ponte coñecida como “A Pontóriga”, situado a dous quilómetros de Sobradelo, augas arriba do Sil. A ponte orixinal tiña varios piares asentados sobre a pedra que forma o leito do río, dos que hoxe poden verse perfectamente polo menos tres. Todos os historiadores coinciden en sinalar que esta ponte formaba parte do sistema de vías romanas secundarias que enlazaban coa Vía XVIII, entre Astorga e Braga. Crese que a ponte era utilizada, ao igual que outras nas inmediacións, para a comunicación de zonas mineiras explotadas polos romanos.

Fonte da Cova





Portada Cemiterio Casaio

Patrimonio relixioso

Son moitas as igrexas existentes no Concello de Carballada de Valdeorras que paga a pena visitar. Aínda que non se trata de templos cunha arquitectura relevante, si é aconsellable coñecer a ermida do Pai Eterno, en Lardeira, cunha única nave e unha curiosa imaxe no altar. A de Casaio ten un retablo manierista, e en Casaio atópase unha igrexa, na propia poboación, cun retablo moi interesante, e a ermida de San Xil. Tamén en Casaio, restos da fachada plateresca da antiga igrexa poden verse hoxe en día na porta de entrada do cemiterio. A igrexa do Trigal está situada nun alto, que se cre era un castro na antigüidade, e conta cun retablo que pode ser do século XVIII. Tamén teñen retablos interesantes as igrexas de Rioldolas, construída no século XVIII, e a de Viladequinta, con interior barroco. En Sobradelo está a igrexa da Encarnación, e tamén unha capela ao Santo Antonio.



Capela San Antonio

PARA GOZAR

Descenso do Sil

O Descenso do Sil é unha proba deportiva de piragüismo que ten lugar a mediados de setembro. Trátase dun certame internacional, que reúne cada ano a centos de participantes. Un dos mellores lugares para percibir todo o sabor desta proba é Sobradelo, xa que alí se dá a saída á competición, que remata no Barco, uns quilómetros augas abaixo. Os piragüistas agrúpanse para prepararse no malecón e no ámbito da ponte, e logo van tomando a saída, de acordo cos tempos establecidos pola organización. É un espectáculo único de cor. A proba pode, ademais, seguirse nun tren que sae da estación de Sobradelo e percorre a marxe do río Sil ata O Barco.

Rutas turísticas

O Clube Pena Trevinca deseñou tres rutas que percorren diferentes puntos da

Serra de Trevinca, na súa vertente de Carballada. Todas elas teñen o mesmo punto de partida, na explanada da Cabrita, cun tempo de percorrido entre 4 e 6 horas. En todos os casos, recoméndase chegar en coche ata o punto de partida, situado moi preto do refuxio de Fonte da Cova. As rutas son as seguintes:

Ruta a Pena Trevinca

Partindo da explanada da Cabrita, sobe ao alto do mesmo nome e, seguindo a pista chégase ao Alto das Camperas, onde toma un sendeiro á dereita. Pásase polo Portelo de Portas, para descender ao Val do Tera. A ruta segue remontando o Tera, e finaliza no cumio de Pena Trevinca, a 2.127 metros. O regreso pode realizarse seguindo a mesma ruta, ou realizando unha travesía por todos os picos –Trevinca, Pena Negra e pena Surbia–, o que suporía hora e media máis de traxecto.

Lonxitude: 17,6 Km.

Duración: 4,30 horas (6 se se volve polos picos)

Dificultade: media-alta



Ruta ao Picón

Dende o mesmo punto de partida, a ruta discorre polo mesmo traxecto que a anterior ata o cruzamento no val do río Tera. Alí hai un indicador e un sendeiro situado á esquerda. Tras un tramo suave, iníciase a verdadeira subida pola ladeira, dende a Portela de Morena Cavada, ata a Pena Vidulante, a máis de 2.000 metros de altitude. Tras un traxecto por campas, a ruta chega ao cume do Picón, a 2.079 metros de altitude e a volta realízase polo mesmo camiño que o empregado para subir.

Lonxitude: 19 Km.

Duración: 4,45 horas

Dificultade: media-alta

Ruta ao Teixadal

Unha vez na explanada da Cabrita, a ruta segue ata o alto do mesmo nome, onde hai un indicador, á dereita, que marca o camiño, un descenso pronunciado que leva ao Campo de Valborraz. Dende alí o camiño vai en zig-zag, ata atopar o antigo acceso ás vellas minas de wolfram situadas nas proximidades. Tórcese á esquerda, e nuns 25 minutos chegaríase á entrada do Teixadal. Crúzase o gregueiro e

estase de cheo no bosque de teixos máis importante de Europa. A volta realízase polo mesmo itinerario, pero costa arriba, o que fai máis difícil esta ruta.

Lonxitude: 8,6 Km.

Duración: 4 horas

Dificultade: alta

*Feiras e festas**Feira ArTREsanía*

Trátase dunha feira de arte, artesanía e lousa, que se celebra en Sobradelo en coincidencia coas Festas da Encarnación, a data da cal é variable, en función da Semana Santa. As carpas cos stands instálanse no muelle de Renfe. O certame naceu en 2005 coa intención de, sobre todo, dar a coñecer as posibilidades artísticas da lousa, o material omnipresente no concello. Pero, ademais, a feira tamén está aberta a artistas da zona que utilizan outros materiais e que teñen unha oportunidade para presentar as súas obras de forma colectiva. Trátase do único certame deste tipo que se celebra na bisbarra de Valdeorras e, por iso, adoita recibir multitude de visitantes, que

Centro de desenvolvemento turístico



aproveitan a súa presenza en Sobradelo para gozar, ao tempo, das festas patronais. É un certame moi interesante, no que están presentes artistas moi recoñecidos, e onde sorprende, sobre todo, o uso que os escultores dan a un material que, como a lousa, ten en principio un uso nada artístico.

Feiras

En Sobradelo celébranse as feiras da localidade todos os días 10 e 20 de cada mes.

Festas patronais

As máis importantes do concello son as festas da Encarnación, que teñen lugar en Sobradelo. Instálanse no malecón e teñen lugar en data variable, dependendo da Semana Santa, entre finais de marzo e finais de abril.

En Lardeira celébrase o Pai Eterno –o Día da Santísima Trindade– cunha romaxe á ermida, na que adoita haber unha gran participación. As Festas do Corpus celébranse en Casaio. Nun barrio de Sobradelo celébrase a Santo Antonio a mediados de xuño, e Viladequinta honra a San Pedro o 2 de xullo. Carballeda celebra a San Xusto o 28 de xullo, e Casoio a San Cosme e San Damián, o 12 e 13 de agosto. Casaio, pola súa banda, ten a súa festa maior o 31 de agosto, en honra ao San Xil.

PARA COMER

Restaurante Fonte da Cova

[*Casaio.*](#) ☎ 988 343 944

Restaurante O Teixadal

[*Casaio.*](#) ☎ 988 324 718

Mesón Museo

[*Sobradelo.*](#) ☎ 988 335 035

PARA DURMIR

Hotel Fonte da Cova

[*Casaio.*](#) ☎ 988 343 944

Pensión O Teixadal

[*Casaio.*](#) ☎ 988 324 718

TELÉFONOS DE INTERESE

Concello

☎ 988 335 002

Centro de Saúde

☎ 988 334 913

Farmacia

☎ 988 335 038

Taxis

☎ 988 335 156

Gardaría Municipal e Centro Social

☎ 988 335 184

Residencia de Anciáns

☎ 988 334 883

Piscinas

☎ 988 295 008



Larouco é concello de ríos e vales, de escarpadas montañas cuxas lombas sucadas por profundas correntes de auga marcan de forma inequívoca a paisaxe, unha das características da cal son os bancais que invaden as abas para unha mellor explotación de viñedos e outros cultivos. O concello está rodeado de tres ríos: o Sil, o Bibei e o Xares, que circundan o seu territorio e imprimen un selo especial á súa paisaxe, impresionante e sorprendente. A estrada que enlaza Larouco coas terras de Trives serpea entre as montañas, salvando os profundos vales e a canle do Bibei cos característicos Codos de Larouco, verdadeiro sinal de identidade do concello, e pontes entre as que pode atoparse algunha xoia. Larouco, ademais, está cheo de enclaves que fan lembrar a súa historia, con depósitos prerromanos e pegadas da presenza de Roma nas súas terras. Crese que o topónimo de Larouco é anterior á romanización, e refírese a unha divindade antiga. Nesta poboación, din moitos autores, acuñouse unha moeda visigótica, na que pode lerse a inscrición "Laruclo", que sería a primeira referencia escrita ao concello.

PARA VISITAR

Os Codos de Larouco

Poucas persoas, cando percorren a estrada que une Larouco con Pobra de Trives (C-536), poden imaxinar que ese sinuoso trazado respecta case de forma exacta o da vía que os romanos realizaron hai 2.000 anos para unir a provincia de León con Portugal. Os codos nacen

da necesidade de salvar, a media aba, as fortes pendentes existentes nesta zona e os desniveis provocados polos ríos que atravesan as altas e escarpadas montañas. O que foi e segue sendo unha vía de comunicación importante grazas á arquitectura romana, creou unha paisaxe insólita e que paga a pena contemplar dende as moitas revoltas que existen nos bordos da estrada. Os codos poden verse dende o alto da Ermida, si-



Adega en Seadur

tuado a 560 metros, ata a localidade de Mendoia, xa no concello de Pobra de Trives, situada a máis de 600 metros de altitude. Entre eses dous puntos, atópase a parte máis baixa, na ponte de Bíbei, a 350 metros. Os “codos” abrazan as abas das montañas, adaptándose a elas, e a paisaxe complétase cos orixinais cultivos de vides, que se sitúan en terrazas para facilitar o acceso.

Castros

Debido á súa rica historia, en Larouco hai abundantes vestixios prerrománicos. Como máis importantes, hai que mencionar os castros, fortificacións de pedra que se situaban fundamentalmente nas partes máis altas das montañas. O Castro do Alto do Viso está moi preto do Alto da Ermida, un dos puntos máis elevados do concello, e dende o que se divisa unha paisaxe dunha beleza espectacular. Deste castro aínda poden verse algúns indicios, aínda que os muros están practicamente destruídos. O Castrillón é outro exemplo desta arquitectura, do que apenas quedan restos, aínda que si uns profundos fosos cuxa orixe non está moi clara, e muros semiderruídos reali-

zados na súa maior parte en lousa. Por último, nas proximidades da poboación de Seadur está o Castro de Cabanelas. Este asentamento divide os concellos de Petín e Larouco, e é un excelente miradoiro cara aos concellos veciños. Aínda se conservan restos dalgúns muros, realizados con grandes bloques de granito.

Depósitos romanos

En Larouco atopa unha zona coñecida como O Poulo, onde actualmente hai varias vivendas. Este barrio está situado a poucos metros da calzada romana Vía XVIII, que pasaba por este lugar, e atópase sobre un poboado de orixe romana, da que apareceron bloques de pedra que formaban parte de antigas construcións, así como restos de orixe claramente romana. Tamén Seoane está asentado sobre restos dun antigo poboado romano, que saíron á luz ao realizar as novas construcións.



Exemplo de arquitectura tradicional en Larouco

cións. Cerámicas, anacos de tégulas e de pedras de muíños, entre outros vestixios, reafirman a existencia dese depósito romano. Por último, tamén atopáron vestixios en O Pombal, en Freixido de Arriba. Neste caso localizáronse restos de antigas edificacións, cerámicas e ata pequenas estatuas.

A Ponte de Bibei

Esta ponte forma parte da Vía Romana XVIII, que unía Braga e Astorga e se construíu no seu momento para poder cruzar o río Bibei, entre as poboacións



PUBLICACIÓNS
DEPUTACIÓN DE OURENSE

de Larouco e Mendoza. Ten unha lonxitude de 75 metros, e a súa altura acadou os 22 na súa parte máis alta. Os piares que suxeitan as tres arcadas están apoiados sobre a rocha natural do propio leito do río. Realizada en granito, datouse en tempos do emperador Trajano. Hoxe en día segue moi ben conservada, a pesar de que soportou durante moitos séculos o tránsito de todo tipo de vehículos. É unha das poucas pontes de factura totalmente romana que poden verse na zona.

Nas proximidades da ponte atópase un miliario, que se calcula foi realizado en torno ao ano 80 d.C. Ten algo máis de dous metros de altura, con forma cilíndrica e preto de 50 centímetros de diámetro. O miliario debía de estar situado, segundo as investigacións dos expertos, na milla 121 da Vía XVIII, e hoxe pode verse nas proximidades da Ponte Bibei.

Patrimonio relixioso

A igrexa de Santa María de Seadur é sen dúbida a máis interesante deste pequeno concello. Trátase dun templo de orixe románica, aínda que tras as sucesivas reformas ás que foi sometido agora ten características barrocas. Quizais o máis relevante é a fachada, cunha portada cuxa porta está flanqueada por pilastras estriadas. Ten ademais un frontón semicircular, cunha ventá no centro.

En Larouco atópase, ademais, a igrexa parroquial de Santa María, con planta de cruz latina. Ten unha fachada barroca do século XVIII, dividida en tres corpos. Trátase dun templo de grande envergadura, cunha silueta que se eleva imponente no centro da localidade, e paga a pena visitar o seu interior, especialmente polo altar maior, de estilo barroco e que a ningún deixa indiferente.

Igrexa de Larouco



PARA GOZAR

Área Recreativa de Larouco

Recentemente, o Concello de Larouco habilitou na marxe do río unha zona lúdico-deportiva na que se conta con moitos servizos para que toda a familia poida gozar do aire libre e a natureza. Ademais do río, neste concello cóntase cunhas modernas piscinas, ademais de canchas de tenis en pista cuberta e outras instalacións que todos poden utilizar. Trátase dunha zona especialmente recomendable en verán, para todas as idades.

Feiras e festas

Ruta das Covas de Seadur

Ten lugar nesta localidade cada Sábado Santo. Trátase dunha celebración durante a cal os visitantes poden percorrer as

máis de 20 adegas tradicionais existentes nesta poboación do concello de Larouco. Nesas adegas –covas escavadas na rocha e na terra–, poderán degustar os excelentes viños desta localidade, así como pinchos preparados especialmente para a ocasión. Trátase dunha actividade importante non só para gozar dos viños da zona, senón tamén para coñecer as adegas tradicionais nas que antano se elaboraban os caldos, e que sorprenden polas súas peculiares características.

Festa do Año

Celébrase cada ano a última fin de semana do mes de abril ou o primeiro de maio, normalmente un sábado. Trátase dunha cea na que se degustan, sobre todo, pratos realizados con años orixinarios deste concello. Son moitas as persoas que acoden doutros concellos veciños para gozar desta celebración.

Covas de Seadur

PUBLICACIONES
COLECCIÓN DE SOBRENSE



Festa do Emigrante

Celébrase a mediados de agosto, normalmente un venres, ao aire libre, co obxectivo de que participen todos aqueles emigrantes que un día deixaron Larouco para traballar noutros lugares. Nesta festa, que tamén está aberta a todos os que desexen, prepárase unha paella xigante e outros manxares para completar o menú.

Festas patronais

Seadur celebra as súas festas patronais, en honra a Santa Mariña, o día 18 de xullo. A patroa de Freixido é Santa Bárbara, e as festas teñen lugar o 15 de agosto. Por último, Larouco ten a súa festa o 8 de setembro, en honra a Santa María dos Remedios.

PARA COMER

Restaurante Faragullas

☎ 988 348 131

TELÉFONOS DE INTERESE

Concello

☎ 988 348 002

Centro de Saúde

☎ 988 348 016

Farmacia

☎ 988 348 030

Cooperativa de Viños

☎ 988 348 043

Protección Civil

☎ 988 348 002

Detalle igrexa de Seadur



Capital da bisbarra de Valdeorras, O Barco é a poboación con máis habitantes de toda a zona. É unha cidade de servizos no territorio dos cales, ademais, poden atoparse grandes atractivos turísticos. A minutos da zona urbana hai varios tesouros: no Mosteiro de Xagoaza e o seu ámbito, o tempo parece deterse na súa natureza case virxe e a súa arquitectura románica; o conxunto monumental da Vila do Castro é unha poboación con encanto. A Pincheira de Fervenza, Éntoma, a Zona Vella do Barco ou Viloira son outros lugares que non deben perderse os visitantes que se acheguen á localidade. Na capital municipal hai espazos para o paseo e a diversión: o Malecón, na marxe dereita do Sil, é un amplo ámbito natural intelixentemente urbanizado que se converte, sobre todo en verán, no lugar onde se concentra a vida social de concello. No paseo e as súas inmediacións atópanse boa parte dos locais de ocio da vila.

PARA VISITAR

O Sil. Paseo do Malecón

O paseo do Malecón é un grande espazo para o recreo que percorre a marxe dereita do río Sil na zona urbana do Barco. O Malecón está urbanizado, con espazos para parques infantís, zonas deportivas, lugares para o paseo e, sobre todo, moito espazo verde e árbores. Este lugar é o centro da vida da vila, onde se celebran a maior parte dos actos das festas, as actuacións musicais, as probas deportivas e outras moitas actividades. Na parte baixa do paseo, xusto na ribeira do Sil, outra zona natural é tamén lugar para o descanso e a diversión. Alí atópanse a praia fluvial de area, e outro tramo de ribeira plantado de herba cun longo paseo ata o lugar onde se atopan as piscinas municipais e as pistas polideportivas. Na outra beira do Sil, a onde se chega a través dunha pasarela peonil, atópase a Área Recreativa do Salgueiral. Neste caso, a fisionomía natural da zona alterouse o menos posible para crear paseos entre as árbores, colocáronse bancos e construíuse un estanque de auga. Hai tamén barbacos e mesas, para gozar dunha xornada completa ao aire libre.



Casco Antigo do Barco

Un paseo polo casco antigo do Barco é imprescindible para quen queira coñecer as orixes dunha poboación que naceu dun asentamento creado en Porto da Barca –un antigo embarcadiro– no que se ancoraban as barcazas que se utilizaban para cruzar o río Sil e acceder, de forma rápida, á vila do Castro, onde se atopaban os servizos administrativos de zona. Os restos dese porto aínda poden verse nas proximidades da Praza Maior, o verdadeiro centro neuráxico deste barrio. A praza ábrese ao río Sil, e tanto nela coma nas rúas lindantes pode apreciarse unha variedade de edificacións que van dende as grandes casas señoriais con escudos nas súas fachadas, ata

os máis modestos edificios. Do estilo modernista do edificio do antigo casino, ata a arquitectura tradicional da zona. A igrexa de San Mauro, patrón do Barco, atópase neste barrio. O templo orixinal construíuse a finais do século XVI, logo quedou en estado case ruinoso, e volveu levantarse a principios do século XX. O casco antigo está sendo revitalizado cun ambicioso programa que fixo peonil a praza e algunhas das súas rúas. É, ademais, unha das zonas máis dinámicas no sector hostaleiro.



Conxunto Monumental Vila do Castro

Situada sobre unha lomba, e con nome que denota a súa orixe prerromana, a Vila do Castro é un dos lugares máis singulares do concello do Barco. Situada a apenas cinco minutos en coche da zona urbana, nesta vila, declarada Ben de Interese Cultural, edificouse unha fortaleza que no século XII tiña xa grande



importancia como lugar de vixilancia do camiño de entrada a Galicia. O Castro foi capital administrativa da bisbarra durante séculos, pero no XVIII comezou a súa decadencia. Da antiga fortaleza medieval quedan, hoxe en día, unha torre que aínda dá fe da súa relevancia, así como parte do muro, sobre o que se apoia unha Casa Grande con galerías e arcos na parte que mira cara ao Barco. Ao lado atópase a igrexa, do século XVIII, pequeno e típico expoñente da arquitectura rural galega. No Castro atópase tamén o Pazo dos Flórez, quizais a construción señorial de titularidade privada máis importante e mellor conservada da bisbarra. Construída en 1630, ten unha fachada moi rechamante, con seis arcos realizados en pedra vermella da terra e sete balcóns de ferro nesta fachada. O edificio é agora un hotel, e ten unha capela á que se accede por dúas portas: a que dá á praza dianteira do pazo, e a situada na biblioteca do propio edificio. Nunha das súas construcións auxiliares hai un museo de carruaxes antigas.

Ademais, no Castro recuperáronse moitas vivendas tradicionais, tanto para uso particular coma para negocios de hosta-



Pazo dos Flórez

lería. As covas son outra das orixinalidades desta poboación.

Cada Semana Santa, no Castro celébrase a procesión dos caracois. Ten lugar o Venres Santo pola noite, e debe o seu nome aos centos de cunchas de caracois que se colocan, cheas de aceite con mechas acendidas, no percorrido que segue a procesión.

Mosteiro de Xagoaza

Nun ámbito natural extremadamente coidado atópase o Mosteiro de Xagoaza, ao que se chega en poucos minutos en coche dende O Barco, ou en media hora de agradable camiñada. Situado nas proximidades da poboación do mesmo nome, os edificios principais deste conxunto monumental –monasterio e igrexa de San Miguel– están rodeados de grandes espazos verdes, nos que sobresa a existencia de masas de árbores autóctonas, como o castiñeiro, o carballo ou o piñeiro do país. Tamén destaca a grande variedade de especies arbóreas existente na zona: albedros, bidueiros, abeleiras, aciñeiras, oliveiras

e loureiros atópanse de forma masiva en todo o ámbito.

A Igrexa de San Miguel é de orixe románica (séculos XII e XIII). Deste estilo consérvase, en moi bo estado, a ábsida semicircular, cuberta parcialmente con bóveda de casca e restos de capiteis. A nave central ten unha cuberta a dúas augas, cun artesoadado de madeira interior, e pinturas de estilo manierista, datadas no século XVI. O retablo, de estilo barroco, ten columnas estriadas en zig-zag. Na fachada pode verse unha cruz da Orde de San Juan de Jerusalén.

A construción do mosteiro está datada no século XVIII. O edificio, que impressiona pola súa beleza e simplicidade, está realizado en pedra e artículase, en forma de U, ao redor dun claustro interior rectangular. A este patio, e tamén ao mosteiro, accédese por un grande portalón, dende o que pode verse a galería de madeira situada no primeiro piso do edificio, arredor de todo o claustro. Na planta baixa da construción sitúase unha moderna adega vitivinícola, os viñedos da cal se atopan situados tamén no ámbito do conxunto monumental.

Igrexa e mosteiro de Xagoaza





Igrexa e Casa Grande de Viloiira

Viloiira e a súa Casa Grande

Viloiira é unha poboación situada a poucos metros do Barco, na marxe esquerda do Sil. En Viloiira atópase a Casa Grande, unha grande edificación señorial rodeada dun amplo xardín. Trátase dun magno edificio de dúas plantas, realizado en pedra e construído a mediados do século XVII. Ten dous patios interiores, nun dos cales se atopa unha curiosa fonte realizada en pedra calcaria rosada, e nos que se conservan os piares de pedra vermella da zona. O edificio foi rehabilitado pola Xunta de Galicia e hoxe alberga as oficinas administrativas do goberno galego.

A entrada principal da Casa Grande de Viloiira está encravada na praza de Otero Pedrayo, un espazo, na súa maioría peonil, completamente cuberto polas ramas dos grandes plátanos durante o verán. Trátase dunha das prazas con máis encanto do concello, especialmente nos meses estivais. No seu ámbito atópanse moitos establecementos hostaleiros, co mellor da cociña tradicional de Valdeorras, e dela parten estreitas rúas, nas que seguen existindo pequenas vivendas de dúas plantas, con corredores de madeira e empinadas escaleiras de acceso, seguindo a arquitectura típica da zona.

A Igrexa de Viloiira tamén merece unha visita. Crese que o templo actual foi construído no século XVIII sobre a base dunha antiga igrexa románica da que apenas quedan vestixios. É destacable a súa portada principal, así como a espadaña barroca que loce, realizada en pedra do país.

Pincheira de Fervenza

A “Pincheira” de Fervenza é un enclave natural que ninguén debe perderse, pola beleza case salvaxe do lugar. Trátase dunha fervenza situada a poucos metros da poboación de Fervenza. Pode chegar-se en coche case ata a mesma fervenza. A auga cae con forza dende case trinta metros de altura a unha lagoa natural dende a que segue o seu curso. Varandas de madeira, mesas e cadeiras agrúpanse nun amplo espazo dende o que tamén pode verse unha panorámica espectacular do Val do Sil. Trátase dunha das moitas fervenzas naturais que hai na zona, pero quizais é unha das máis impresionantes e, ao mesmo tempo, máis doada de visitar polo cómodo acceso e a proximidade ao Barco.

Pincheira de Fervenza



Pontes de orixe romana

No concello do Barco atópanse varias pontes de orixe romana. O máis relevante, e quizais o que mellor pode verse atópase na localidade de Éntoma. Situada sobre o río Galir, crese que esta ponte era parte dunha das vías secundarias

Ponte de orixe romana do Corrego



da Vía XVIII romana, está realizada en laias de lousa, é dun so arco e aséntase sobre a pedra viva do fondo do río. Na pequena poboación do Córrego, entre Vilanova e O Castro, hai outra ponte, neste caso para salvar o río Forcadela. Tamén ten un so arco de medio punto realizado con laias de lousa, e é, segundo os estudosos, de orixe romana. En Xagoaza, a uns 500 metros augas arriba do Mosteiro, sobre o río Mariñán, pode verse outra ponte, esta moi atractiva polas súas dimensións. Situada ao lado dos restos dun antigo muíño, é dun so arco pero con piares moi elevados sobre o leito do río, e atópase en boas condicións de conservación.

Patrimonio relixioso

Ademais dos exemplos de patrimonio relixioso xa mencionados, no Barco hai outros templos que tamén merecen ser visitados. Un dos casos máis destacados é o da igrexa de Outarelo, dedicada á advocación de San Francisco Blanco. Nesta pequena poboación celébrase cada 5 de febreiro a romaxe en honra a este santo, patrón dos males da cabeza. A igrexa, na que se garda nunha urna a caveira do santo, foi construída a principios do século XVII e ten un retablo de estilo barroco moi singular. Tamén merece atención a igrexa da Proba, de orixe románica, aínda que as sucesivas modificacións eliminaron a maior parte das evidencias deste estilo. No seu interior hai pinturas de principios do século XVI.



PARA GOZAR

Feiras e festas

Festa do Botelo

Festa gastronómica moi asentada no Barco, na que participan cada ano centos de persoas. Ten lugar habitualmente na segunda quincena do mes de xaneiro, e durante o xantar degústase o tradicional “botelo” da zona. Trátase dun embutido con diferentes carnes de porco, adubiadas e curadas e posteriormente cocido. Acompáñase de patacas fervidas e chourizos.

Camiño das Covas do Castro

A primeiros de xullo ten lugar na Vila do Castro o Camiño das Covas. Centos de persoas reúnense neste lugar para visitar as covas privadas que se abren ese día para degustar os viños caseiros que nelas se elaboran, acompañados de bos pinchos con produtos do lugar.

Feira de Viloiira

A feira mensual do Barco celébrase cada día 6, na localidade de Viloiira. É a máis importante da bisbarra e nela reúnense centos de vendedores e miles de compradores. O clásico “polbo á feira” pode degustarse tanto nos postos colocados ao efecto coma nos establecementos existentes na praza.

Festa do Corpus no Casco Antigo

Tres das rúas máis representativas da zona vella, San Roque, Real e San Mauro, cóbrense de alfombras de flores na festa do Corpus. Os adornos florais son realizados polos veciños do barrio, que en ocasións traballan durante toda a noite para poder ofrecer, dende primeira hora da mañá, as creacións máis orixinais e rechamantes.

Festas patronais

Son moitas as festas patronais que se celebran no concello do Barco, pero as máis importantes, non só para o concello, senón para toda a bisbarra, son as do Cristo, o 14 de setembro. Durante polo menos unha semana, na vila pódese gozar dun amplo programa pensado para todos os públicos. Actuacións musicais para os máis novos, parques infantís, teatro e xogos para os máis pequenos, orquestras para todas as idades, e probas deportivas, como a Milla Urbana ou o Descenso do Sil, que reúnen en ocasións a milleiros de persoas. O paseo do Malecón e a praza Maior son os lugares nos que se concentran as actividades. O Barco celebra tamén a festa de Santa Rita, no mes de maio e, por último, o patrón do Barco, San Mauro, en xaneiro, é unha pequena festa que se celebra sobre todo no ámbito familiar.

Ademais, tamén no Barco, teñen lugar, o 16 de agosto, as festas de San Roque, no barrio do mesmo nome. Viloiira celebra a Oitava do Corpus, San Xoán, en Éntoma, en Vilanova as festas son o 15 de agosto, en honra á Asunción, e Forcadela celebra

o Santiago o 25 de xullo. Por último, as festas de Santa Mariña son a mediados de xullo.

Rutas turísticas

No Concello do Barco hai sinalizadas seis rutas. Son as seguintes:

Ruta Monumental. PRG-13

Comeza no Barco. Segue en dirección a Vilanova, pola rúa do Chao e, antes de chegar a esta poboación, toma un camiño á esquerda para, tras pasar polo Córrego, seguir ata O Castro. Dende aquí toma a estrada de Veigamuíños a Xagoaza, onde se visita o Mosteiro, para logo pasar polo Ferradal e Portela, e descender a Tremiñá e de novo ao Castro e ao Barco.

Lonxitude: 13,2 Km.

Tempo: 3 horas

Dificultade: baixa



Alfombras florais do Corpus no casco vello

Ruta do Serro. PRG-14

A ruta comeza no Barco, pola rúa Veiguiña, para seguir pola Ribeira, a Vilobal, onde se toma a pista que sobe ao Serro, para seguir ata o alto da Portela de Éntoma. Dende alí iníciase o regreso ao Barco, polo cumio do Serro, a través dun camiño ben marcado que leva ao alto do Xirimil, dende onde se toma a estrada do Serro e regrésase ao Barco.

Lonxitude: 10 Km.

Tempo: 2 horas

Dificultade: baixa

Ruta do Camiño Real. PRG-15

A parte do cemiterio do Barco, pola rúa Retorno, onde se ven indicios do vello Camiño Real, para chegar á estrada que leva a Éntoma, onde se toma un sendeiro que chega á Veiga de Cascallá, e alí, en

dirección oeste, un camiño que se segue ata chegar a unha ponte sobre o regueiro. O camiño sobe en dirección ao alto de Erbedal e, logo, polo mesmo traxecto da ruta PRG-14, chégase ao Alto do Xirimil, para seguir o mesmo percorrido anterior e regresar ao Barco.

Lonxitude: 17,4 Km.

Tempo: 4 horas

Dificultade: baixa

Ruta das Penas Marías. PRG-16

Comeza no mesmo lugar que a Ruta Monumental, pero seguindo ata Vilanova en vez de desviarse ata O Córrego. Logo séguese ata Reporicelo e, dende aquí, continúaase coa ascensión ata as Penas Marías. En total, o desnivel desta ruta é de 949 metros, e o cumio do pico Penaguillón está situado a 1.279 metros, mentres que as Penas Marías están a 1.256. Dende alí, báixase por Puxeiros, e, por unha pista forestal, ata Outarelo, para logo tomar a pista do Córrego e volver ao Barco polo mesmo lugar que a Ruta Monumental.

Lonxitude: 18,2 Km.

Tempo: 5 horas

Dificultade: media

Ruta da Serra de Eixe. PRG-17

O paseo comeza na fonte da rúa Cima-devila, en Viloiira. Dende ese momento iníciase a ascensión, que salvará un desnivel de 893 metros, polo camiño vello de Alixo, con varios desvíos, ata chegar a esta poboación polo lugar de Barbadá. Sáese de Alixo en dirección este, ata que se chega a Domiz e, dende alí, a Candeada, por unha pista asfaltada rodeada de castiñeiros. Logo séguese ata Campo dos Caios, un pico situado a 1.223 metros de altitude. Dende ese punto iníciase a baixada, ata chegar de novo a Alixo, e regresar ao Barco seguindo o mesmo camiño que á ida.

Lonxitude: 23,8 Km.

Tempo: 5 horas

Dificultade: media



Ruta Panorámica. PRG-18

O itinerario iníciase en Viloiira, pola rúa Vilabril. Pola paraxe da Raña chégase á poboación de Arnado, onde se toma o camiño en dirección a Correxais. De alí séguese a Fervenza, onde é obrigado ver a pincheira e, logo, por unha pista asfaltada chégase a Santa Mariña, a poboación máis alta do Barco, a 860 metros de altitude. Pola pista asfaltada séguese ata Santiago e, por un camiño, baixa ata Viloiira.

Lonxitude: 17 Km.

Tempo: 4,5 horas

Dificultade: baixa

Ruta da Pincheira de Fervenza

O punto de saída atópase na área recreativa do Salgueiral, e segue en dirección ao Parque Empresarial da Raña, dende onde se accede ás poboacións de Vales, Cesures e Fervenza, onde pode verse a Pincheira. O regreso realízase dende este lugar pola poboación de Arnado, novamente en dirección ao Parque Empresarial, para rematar, polo mesmo camiño que na ida, no Salgueiral.

Lonxitude: 13,5 Km.

Tempo: 2,5 horas

Dificultade: baixa

Ponte de orixe romana en Entoma



PARA COMER

Restaurante San Mauro

O Barco. ☎ 988 320 145

Restaurante vasco Arkupe

O Barco. ☎ 988 326 477

Restaurante Fernando III

O Barco. ☎ 988 320 371

Restaurante Santa Ángela

O Barco. ☎ 988 327 397

Lisboa Restaurante

O Barco. ☎ 988 320 029

Mesón Manu Ares

O Barco. ☎ 988 326 438

Mesón Vila do Castro

O Castro. ☎ 988 347 117

Cafetaría Restaurante Nobuk

O Barco. ☎ 988 684 203

A Pousada Galaica

O Barco. ☎ 988 347 235

Restaurante Alecrín

O Barco. ☎ 988 682 167

Cafetaría Restaurante Cociña do Lar

O Barco. ☎ 988 320 051

Pizzaría La Trattoria

O Barco. ☎ 988 326 321

Mesón La Gran Tortuga

O Barco. ☎ 988 347 044

Restaurante Pazo do Castro

O Castro. ☎ 988 347 423

Restaurante Asador

Viloiria. ☎ 988 322 152

Casa Ignacio

Viloiria. ☎ 988 326 005

Mesón O Isla

Viloiria. ☎ 988 325 134

PARA DURMIR

Pazo do Castro****

O Castro. ☎ 988 347 423

Hotel Espada II***

N-120 – O Castro. ☎ 988 322 686

Hostal O Isla***

Viloiria. ☎ 988 325 134

Hostal La Gran Tortuga**

O Barco. ☎ 988 321 175

Hostal Mayo**

O Barco. ☎ 988 322 098

Hostal Casa Ignacio**

Viloiria. ☎ 988 326 005

Hostal A Barca**

Viloiria. ☎ 988 320 586

Hostal Lisboa*

O Barco. ☎ 988 320 029



Hostal Viloirá*

Viloirá. ☎ 988 322 152

Pensión do Lar*

O Barco. ☎ 680 608 066

TELÉFONOS DE INTERESE

Concello

☎ 988 320 010- 988 320 202

Información Turística

☎ 988 320 053

Hospital Comarcal

☎ 988 329 006

☎ 988 339 000 (*Urxencias*)

Centro de Saúde

☎ 988 320 840

☎ 988 325 794 (*Urxencias*)

Farmacia Gurriarán

☎ 988 320 081

Farmacia Arias Gómez

Viloirá. ☎ 988326188

Farmacia Nieves González

☎ 988 320 375

Farmacia Fernández Martínez

☎ 988 325 105

Clínica Veterinaria Valcán

☎ 687 747 967

Clínica Veterinaria do Sil

☎ 629 879 117

Clínica Veterinaria González Ordóñez

☎ 988 322 603

Garda Civil

☎ 988 320 381

Garda Civil Tráfico

☎ 988 321 035

Policia Local

☎ 988 322 939 - 616 402 880

Estación RENFE

☎ 988 320 330

Estación Autobuses

☎ 988 325 946

Correos

☎ 988 320 815

Taxis

☎ 988 320 989

Notaría

☎ 988 320 061

Rexistro da Propiedade

☎ 988 320 359

Xulgado

☎ 988 320 084

Casa Grande Viloirá (Xunta de Galicia)

☎ 988 320 264

Fundación Comarcal Valdeorras

☎ 988 321 905




O Bolo é un dos concellos con máis riqueza monumental da bisbarra de Valdeorras. A torre do seu Castelo levántase, maxestosa, no lugar máis elevado da vila bolesa, e mostra a todos os visitantes o camiño cara ao principal núcleo de poboación do concello. Esta poboación tivo título de condado –pertenceu aos Condes de Lemos– e recibiu privilexios polos servizos prestados á Coroa. Mesmo foi unha vila de realengo a partir do século XVI. Paga a pena, ao tempo que se visita o castelo, ver dende a torre a paisaxe que o rodea, cos viñedos dominando os cultivos. E tamén coñecer outros cantos da vila: a igrexa, con detalles románicos, ou as súas casas señoriais. No concello está un dos templos marianos máis importantes de toda Galicia, o Santuario das Ermidas, lugar de peregrinación. A súa Semana Santa é das máis destacadas de toda a provincia, especialmente o Vía Crucis, que ten lugar o Venres Santo e reúne centos de fieis neste lugar. Ademais, en moitas poboacións do Bolo atópanse cruceiros e pazos e, se se quere beleza natural, só hai que visitar o Canón do Bibei, declarado Lugar de Importancia Comunitaria (LIC) e zona de especial protección dos valores naturais.

PARA VISITAR

Castelo do Bolo

O Castelo está situado na localidade do Bolo, e a súa torre é visible dende longa distancia. Calcúlase que a súa construción iniciouse no século XII, pero sufriu importantes danos nas revoltas dos Irmandiños e reconstruíuse no século XV. Durante séculos foi unha edificación abandonada. Rehabilitada hai uns anos, hoxe en día poden admirarse a Torre da Homenaxe, duns 20 metros de altura, restos da muralla interior e exterior, o patio de armas e o alxibe. Nestes momentos, o Castelo está aberto ao público e alberga un museo interactivo que permite aos visitantes coñecer de xeito entretido a historia dunha fortaleza antiga. O museo ou centro de interpretación sitúase en dous espazos lindantes: a torre e un edificio anexo construído no século XVII, pegado á edificación principal. Na exposición aberta no museo



Torre de Homenaxe do Castelo do Bolo

recreáanse ambientes, obxectos e oficios da época.

Santuario das Ermidas

É o santuario mariano máis importante de toda a bisbarra. Antigo seminario, é, ademais de centro de fe, un conxunto monumental e arquitectónico de gran relevancia. Foi declarado Ben de Interese Cultural (BIC) en 2006. Álzase no medio da rocha natural, ao fondo da garganta que forma o río Bibei, nunha localización á vez privilexiada e rara nos santuarios: a maioría coroan montañas, e este debe ser visto dende o alto, rodeado das pequenas casas que forman a localidade das Ermidas. A vida relixiosa comezou alí no século VII, cando sete ermitáns ocuparon outras tantas covas no lugar. A finais do século XIII construíuse unha capela, e en 1624 o daquela bispo de Astorga, Alonso Mexía de Tovar, decidiu a construción do Santuario. Á igrexa, engadíronse despois outros edificios para a Administración e o Seminario, así como unha hospedaxe para os peregrinos.

O santuario é barroco na súa maior parte, e está considerado un de mellores exemplos do estilo en Galicia. O interior do templo é impresionante, con varios retablos, un altar maior que destaca pola súa riqueza e un camarín da Virxe que está aberto aos fieis e no que se garda a imaxe medieval. A fachada, cunha portada central e as torres, foi realizada en diferentes épocas, pero a base é obra do artista Juan Martínez Pita. Ademais da igrexa, paga a pena deterse no adro, no que hai un fermoso cruceiro e onde comeza o Vía Crucis, que logo continúa montaña arriba ata concluír as súas estacións no alto desta.

O Santuario das Ermidas está aberto ao público todo os días do ano. Para visitas guiadas fóra do horario de culto, hai que poñerse en contacto coa informadora turística, no teléfono 639 300 001.

Vía Crucis

O Vía Crucis forma parte do conxunto das Ermidas, pero as súas peculiaridades aconsellan unha visita detida, tanto para



Vista do Santuario, Casa administración e dependencia do Seminario Menor

os que se sintan atraídos pola súa relixiosidade como por aqueles que sexan simplemente amantes da arte e da tradición, xa que se trata dun conxunto único en España, e un dos poucos deste tipo no mundo. As Estacións do Vía Crucis comezan no adro do Santuario, e logo sitúanse ao longo dun camiño que, en gran parte, discorre entre as casas da poboación das Ermidas. As estacións van discorrendo polo pobo, nun camiño ascensional, no cal se van rememorando os pasos dados por Cristo na Vía Dolorosa. A maior parte das estacións son exentas, aínda que modernamente algunhas delas se utilicen como base ou cimento dalgúns casas e aparecen formando conxunto con estas. Trátase dun percorrido de aproximadamente un quilómetro, que leva dende o fondo do val ata o máis alto da montaña, nunha empinada costa coñecida como o cami-

ño do monte do deserto. As estacións foron realizadas entre 1729 e 1757, e son todas elas capelas de fábrica de granito e con forma abovedada. No seu interior hai conxuntos escultóricos de tamaño natural –son en total 62 esculturas– realizados na súa maior parte en madeira policromada. En cada unha das capelas represéntase o momento da Paixón ao que corresponde a Estación. Remata na da Resurrección. Xunto co Bom Jesús de Braga (Portugal) e o de S. Carlos Borromeo (Italia), este Vía Crucis é un dos tres monumentos deste estilo conservados en Europa. No percorrido tamén hai varias fontes, entre as que merece especial mención unha, coñecida como “A Dormiñona”, a orixe da cal se data no século XVIII e que recibe este nome pola posición, case durmida, da muller cun cántaro que adorna esta fonte, xunto a un escudo mariano.



Torres do Santuario

PUBLICACIÓNS
UNIVERSIDADE DE OURENS



Cruceiros

En todo o Concello hai varios cruceiros –columnas rematadas por cruzamentos, xeralmente realizadas en pedra que se situaban nos encontros dos camiños–, cun estado de conservación excelente, malia a antigüidade que se lles supón. Como máis relevante, hai que mencionar o de Chao do Castro, que está sobre unha plataforma e ten dobre pedestal. No seu anverso hai un “peto de ánimas”, con forma de fornela, dentro da que están as efixies das figuras de tres ánimas en composi-

ción piramidal. Debaixo hai un oco para depositar as esmolas. Precisamente ese peto de ánimas é a singularidade do cruceiro desta poboación.

Hai outros dous cruceiros interesantes no Bolo: o das Ermidas, situado no adro do Santuario do mesmo nome, e que foi construído pola ofrenda dun devoto da Virxe. Como elemento curioso, no pedestal hai unha caveira e dúas tibias, que simbolizan a morte e o pecado. O Cruceiro do Bolo está situado no cemiterio da localidade e non ten decoración figurativa ningunha.

Vistas do adro do santuario das Ermidas



Outro patrimonio relixioso

A grandiosidade do Santuario das Ermidas embaza a beleza doutros templos situados no concello e que resultan moi destacables, como exemplos da arquitectura rural da zona. É o caso da Capela da Virxe e Os Navallos. Situada nun cruzamento de camiños do mesmo nome, preto da localidade de Celavente, ten orixe románica, aínda que perdeu grande parte do seu aspecto orixinal debido ás sucesivas restauracións ás que foi sometida a edificación.

Outro templo que se recomenda visitar é a Igrexa de San Martiño, situada na aldea do mesmo nome e que conta cunha fachada moi interesante que se une ao campanario por medio de volutas. Ten tres naves, unha lanterna poligonal e no retablo maior pode verse un grande lenzo de San Martiño datado en torno a 1700, realizado polo artista Juan Martínez Pita,

membro dunha familia que participou na construción do Santuario das Ermidas.

Pazos e casas de avoengo

Nos diferentes pobos do concello poden atoparse pazos e casonas que evidencian o pasado señorial do concello do Bolo. Os escudos nas fachadas de antigas edificacións, moitas delas xa abandonadas, poden dar fe desa historia. Hai dous que poden ser ilustrativos da arquitectura civil de importancia na zona. Por un lado, o Pazo de Valbuxán e, por outro, o de Prada, este último situado no Bolo, moi preto do Castelo, e tamén coñecido popularmente como "Casa Lamela". Trátase dunha casona con balcón na fachada e sendos escudos. As antigas dependencias agrícolas, situadas na parte posterior, foron transformadas na actualidade en zonas de ocio ou recreo.

PUBLICACIÓNS

Capela dos Navallos

DEPUTACIÓN DE OURENSE



PARA GOZAR

Rutas turísticas

No Bolo, as rutas, en ocasións pouco sinalizadas, resultan doadamente realizables cun pouco de empeño, e son realmente recomendables para coñecer o máis importante do concello.

Ruta das Ermidas

Trátase dun percorrido duns 5 quilómetros e escasa duración, que segue o traxecto dun sendeiro tradicional agora en desuso, pero que se está a intentar revitalizar para o seu uso turístico. Comeza na Vila do Bolo e chega ata o Santuario, pasando por Santa Cruz. Trátase dun camiño xa realizado en varias ocasións en grupo, tras a convocatoria realizada por unha asociación que pretende recuperalo.

Ruta do Pan e a auga

Outra ruta que discorre pola localidade de Celavente e os seus barrios, onde se sitúan unha boa cantidade de fornos tradicionais e de fontes. A visita, de es-

casa duración, resulta moi interesante, e permite percorrer os seis fornos xa recuperados: os de Viduedo, Hortos, Fondo, Cume, Campo e Outeiro.

Ruta do Canón do río Bibei

A beleza natural deste canón fai necesaria unha visita por parte de todos os namorados da natureza virxe que rodea este río, un dos máis importantes da bisbarra. Os cultivos máis relevantes nas marxes do río son as vides, que se distribúen en terrazas para un mellor aproveitamento das escarpadas montañas. O Canón do río Bibei está declarado Lugar de Importancia Comunitaria (LIC), e Zona de especial protección dos Valores Naturais. Trátase dun río que tamén pode ser gozado na praia fluvial habilitada para o recreo na localidade das Ermidas ou no pobo das Ermidas.

Ruta de Mondón

Dende Barxa chégase a un antigo Balneario, chamado Santo Tomás de Beto en Mondón, no que se poderá ver unha paisaxe de incomparable beleza por un camiño paralelo ó río Xares.

DEPUTACIÓN DE OURENSE

Castelo do Bolo



Pazo de Prada / Casa Lamela



Ruta do Canal Romano

Seguindo un canal de auga construído polos romanos. Comeza en Portomourisco e pasando por Barxa chega ó encoro de SanFiz.

Semana Santa

O Santuario das Ermidas é o centro da actividade de Semana Santa no concello do Bolo. É unha das Semanas Santas máis orixinais de Galicia, tanto polo amplo e atractivo programa que se ofrece, coma pola beleza dos enclaves nos que se celebran os actos. Quizais o máis recomendable é a celebración do Vía Crucis, o Venres Santo pola mañá. Parte do adro do santuario, e segue logo montaña arriba –sobe da cota 550 á 625 nun quilómetro–, ata a Estación da Resurrección. Os feis realizan o camiño

a pé, moitos deles descalzos, e con paradas en cada unha das estacións. Ademais, lévanse varios pasos procesionais. Tamén o Venres Santo, pero pola tarde, ten lugar o Sermón das Sete Palabras e o Descravo do Cristo, seguido da procesión do mesmo nome. O Domingo celébrase a procesión do día de Resurrección co encontro, no adro do Santuario, da Virxe e o Cristo resucitado.

Feiras e Festas

As feiras celébranse todos os días 8 e 26 no Bolo.

Festa da Vitela

Trátase dunha festa gastronómica de recente creación, na que se exalta a carne de tenreira, de grande calidade nestas terras. Consiste fundamentalmente nun xantar, que se celebra cada Sábado Santo, durante a que se serve carne, ademais doutras viandas para completar o menú. É unha celebración de grande afluencia popular.

Festas patronais

Corpus Christi. A localidade de Santa Cruz mantén viva a tradición de elaborar alfombras florais en varias zonas da localidade.

Celavente celebra a Festa de San Xoán, o 24 de xuño, coas tradicionais cacharelas e outras actividades. A Asunción celébrase no Bolo o 15 de agosto, e tamén nesta poboación e nas Ermidas se honra, o 16 de agosto, a San Roque. O 8 de setembro teñen lugar dúas festas no concello: a da Virxe dos Navallos, en Celavente, e a da Virxe das Ermidas, nesta poboación. En Chandoiro, cada 14 de setembro, é a festa patronal en honra ao Santo Cristo, e As Ermidas e Aceveda celebran a Oitava do Rosario, entre o primeiro e o segundo domingo de outubro.



Procesión do Venres Santo (santuario das Ermidas)

PARA COMER

Restaurante Volóbriga

O Bolo. ☎ 988 323 099

Restaurante Boavista

Lentellais. ☎ 988 323 061

PARA DURMIR

Casa Rural A Dormiñona

As Ermidas. ☎ 988 323 084

☎ 619 677 757

Casa Rural A Casa do Mudo

Celavente. ☎ 649 061 995

TELÉFONOS DE INTERESE

Concello

☎ 988 323 030

Centro de Saúde

☎ 988 323 170

Farmacia

☎ 988 323 052

Taxis

☎ 988 323 014

Museo O Bolo

☎ 988 323 030

Información en Internet

www.obolo.es

www.terrasdobolo.com

www.santuariolasermitas.com

PUBLICACIÓN
DEPUTACIÓN DE OURENSE

No Concello de Petín rodouse, en 1987, a primeira película realizada integramente en galego. Foi obra de Chano Piñeiro, e o filme chamábase Sempre Xonxa. O que puido ser só unha anécdota un tanto curiosa na historia dun pobo, converteuse no primeiro episodio dunha longa traxectoria co cinema como protagonista. Hoxe, Petín é a única poboación do oriente ourensán que ten un festival de cinema, e o interese municipal por esta arte provocou que o concello fose elixido para rodar documentais e outras obras cinematográficas. Ademais, Petín ofrece outros moitos atractivos aos visitantes. Nas súas terras e monumentos nótase a presenza romana que tamén pode advertirse noutros concellos. Os seus atractivos naturais son así mesmo dignos de mención e merecedores dunha detida visita.

PARA VISITAR

Ponte de Portomourisco

Na poboación de Portomourisco sitúase unha das pontes máis relevantes da zona, tanto polo seu enclave estratéxico coma pola importancia do seu uso. A medio camiño entre Petín e As Ermidas, era paso obrigado de todos os peregrinos que se achegaban ata este santuario. Situado a 13 metros de altura sobre o río Xares, é

unha das obras de arquitectura civil máis interesantes do concello. Se ben algunhas fontes lle atribúen orixe medieval, a maior parte da súa construción levouse a cabo no século XVIII. Está realizada en pedra de cadeirado ben labrado, cun só arco de grande amplitude. Ao seu carón, e formando parte do conxunto, hai unha pequena ermida, construída tamén en pedra de cadeirado pouco despois da ponte, no interior da cal se garda unha imaxe da Virxe das Ermidas.

Ponte Romana de Portomourisco



Paseo do Malecón

O Encoro de San Martiño ten, nunha das súas beiras, a poboación de Petín, que se asoma sobre as augas coma se dunha vila mariñeira se tratase. Dende as casas da zona máis antiga de Petín ata a beira do encoro hai poucos metros que, ademais, agora resultan máis doados de percorrer coa construción dun malecón que se converteu no lugar de paseo máis transitado do concello. A urbanización desta zona abriu o encoro aos cidadáns, e no malecón reúnense paseantes, observadores das especies de fauna e flora que se prodigan no encoro, e pescadores.

Ponte da Cigarrosa

A ponte da Cigarrosa sitúase entre A Rúa e Petín, sobre o río Sil. A súa orixe remóntase á época romana, pero derrubouse case por completo e foi reconstruída no século XVI, con reformas un século despois. Estes feitos provocaron que, hoxe en día, o monumento apenas conserve uns restos da súa estrutura orixinal. De orixe romana só quedan, no segundo pilar, cinco fiadas de perpiaños de preto de 2 metros de altura, mentres que no cuarto pilar poden verse só os fundamentos romanos. Estes restos son visibles unicamente cando descenden as

Paseo do Malecón en Petín



augas do Encoro de San Martiño. A ponte ten cinco arcos de diferente tamaño e forma, con catro piares que tamén son desiguais. Trátase da mellor comunicación entre A Rúa e Petín, onde se interna case ata tocar as primeiras casas da poboación. O mellor, deixar o coche e facer o percorrido a pé.

Igrexa de Santa María de Mones

A igrexa de Santa María de Mones álzase, sobre un castro, dominando o val situado entre A Rúa e Petín. Visible dende moitos puntos, é un templo singular tan-

to dende o punto de vista arquitectónico coma polos detalles curiosos que poden apreciarse nalgúns dos seus puntos. É de orixe románica, e na súa parede máis ao sur pode verse a simple vista unha pedra de cantería que ten incrustados uns gravados identificables cunhas táboas de xogo. Son tres rectángulos decrecentes que levan tres covañas circulares en cada un dos seus lados, colocados nos ángulos e no centro a unha distancia idéntica. Crese que se trata duns gravados de orixe romana, que foron colocados na igrexa cando foi construída. Esta apreciación baséase en que se representa un xogo de orixe romana, o “tres en raia”.

Igrexa de Santa María de Mones



Casco Antigo de Petín

Malia tratarse dunha pequena poboación, Petín ten unha zona antiga que mantivo as rúas estreitas e a arquitectura tradicional. Trátase do barrio situado en torno á igrexa de Santiago, con edificacións de pouca altura, realizadas en pedra e madeira e lousa nas cubertas e rúas practicamente peonís. Os corredores e galerías, nos que abundan as macetas floridas, son característicos desta arquitectura rural tradicional, xunto aos grandes piares de pedra sobre os que se apoian os corredores e escaleiras. Moi cerca de alí atópase a Praza do Doutor

Quiroga, onde se sitúan algunhas das casas máis antigas de Petín, e que é o punto de reunión e onde se celebran a maior parte de actividades lúdicas e festivas.

Pobos singulares

En Petín hai dúas poboacións, ademais da capital municipal, que deben visitarse pola súa singularidade. Para os amantes do cinema, nada mellor que ver Santoalla, unha aldea situada no alto dunha montaña que namorou ao cineasta Chano Piñeiro, quen rodou alí parte da película Sempre Xonxa. A igre-

Casco Antigo de Petín



xa ten un campanario que chama a atención e un interior no que destaca o seu retablo barroco. Tamén en Santoalla hai unha zona, coñecida como “Regueiro de Arriba, no que poden atoparse cursos de auga que caen en fervenza e algúns antigos muíños.

O outro núcleo de poboación curioso é Portomourisco, no que paga a pena coñecer, ademais da súa ponte, tamén a súa historia, ligada ao seu enigmático nome e a feitos misteriosos. Din que o nome se debe á presenza dos “mouros” no lugar, e crese que boa parte das covas subterráneas existentes en Portomourisco foron realizadas xa por estes invasores. Moitas desas covas poden verse aínda, bastante ben conservadas. Mesmo se fala da existencia dun tesouro de moedas de ouro escondido por aqueles mouros nun lugar descoñecido.

PARA GOZAR

“Petín, un pobo de cinema”

É o título do Festival que se vén desenvolvendo en Petín dende 1998, no mes de decembro. Ao longo dunha semana, en Petín proxéctanse películas xa estreadas, e que son seleccionadas en función das súas características, pero tamén outras de estrea, que aproveitan esta actividade para darse a coñecer. Documentais ou filmes rodados na bisbarra de Valdeorras, ou realizados por recoñecidos cineastas desta zona, son habituais nesta Semana de Cinema de Petín. Tamén é lugar habitual de presentación de curtametraxes. Trátase dunha iniciativa única na bisbarra e que adoita atraer a grande cantidade de afeccionados de toda Galicia. A elección de Santoalla para rodar parte da película “Sempre Xonxa”, de Chano Piñeiro, foi o inicio desta vinculación de Petín co Cinema. Posteriormente, rodábase tamén no Concello parte da obra “Un bosque de música”, de Luar na Lubre, baixo a dirección de Ignacio Vilar, natural deste concello e que tamén dirixiu un documental, “Sempre Xonxa en Petín”, realizado por un taller de cinema posto en marcha no concello en 2004.

Rutas turísticas

Ruta Petín-As Ermidas

Trátase dun dos “Camiños” máis transitados da bisbarra de Valdeorras, pola importancia que o santuario das Ermidas tivo para os feis católicos, que chegaban de moi diferentes puntos para visitar esta igrexa. Está en perfecto estado, e resulta moi doado de percorrer para todos. Saíndo de Petín, continúaase ata Freixido e, logo, seguindo o camiño antigo, cara a Portomourisco, para chegar a Outardepregos, Lentellais, Santa Cruz e, por fin, ás Ermidas. Ademais de belas paisaxes, a ruta permite ver exce-



lentes expoñentes da arquitectura civil tradicional da bisbarra de Valdeorras, e tamén algúns bos exemplos de arquitectura relixiosa.

Feiras e festas

Festa da Freba

Trátase dunha das festas gastronómicas máis importantes da bisbarra, e tamén unha das que levan celebrándose durante máis tempo. Comezou como unha experiencia en 1998 e celébrase a principios de cada mes de decembro, cando se realizan as matanzas do porco en todo o ámbito. Durante a festa, que se desenvolve nunha carpa moi preto da praza do Doutor Quiroga, sérvense “frebas” de porco á brasa. Trátase de pequenos filetes da parte máis tenra do animal, asados con mimo polos encargados de elaborar o menú. Ademais, sérvense calos, chourizos, biscoitos e outros manxares da zona. A celebración culmina con música en directo e baile para todos os asistentes.

Feiras

Os días 21 de cada mes celébrase a Feira de Petín, na praza do Doutor Quiroga. Alí reúnen os feirantes para ofrecer as súas mercadorías, así como os clásicos postos de polbo “á feira”.

Festas patronais

Petín celebra unha grande cantidade de festas. O ano empeza coa celebración de San Antonio Abade, o 17 de xaneiro, organizada polos mozos da localidade. En marzo, ten lugar a festa de San Xosé en Freixido de Abaixo. O 8 de maio é festa en Mones, onde se honra a San Miguel. En Portomourisco celébrase o San Vitorio Pequeno, o 28 de xullo, e na Portela ten lugar, a finais de agosto, a festa de San Vitorio Grande. Sampaio é un caso curioso: alí hai dúas festas, unha o 26 de xuño, e outra en xullo. A primeira, para pregar

sorte e éxito nas segas, e a segunda, para agradecer a conclusión do traballo. En Mones ten lugar, o primeiro domingo de outubro, a celebración de Nosa Señora do Rosario.

Pero as festas máis destacadas son as de Santiago Apóstolo e Santa Ana, en Petín. Teñen lugar en torno ao 25 de xullo, prolonganse durante varios días e ofrecen un amplo programa de actividades para todos.

San Xoán é unha data importante no calendario de Petín. Aínda que non se celebran festas, aínda hoxe mantense viva a tradición de que os mozos “rolden” pola noite polas rúas da poboación, e “rouben” as macetas con plantas que os veciños adoitan ter nos seus balcóns ou escaleiras. As plantas déixanse na praza maior ata a mañá seguinte.

TELÉFONOS DE INTERESE

Concello

☎ [988 310 223](tel:988310223)

Centro de Saúde

☎ [988 311 541](tel:988311541)

Farmacia

☎ [988 310 299](tel:988310299)

Protección Civil

☎ [988 310 223](tel:988310223)

Centro Social

☎ [988 310 067](tel:988310067)

Casa de Cultura

☎ [988 312 148](tel:988312148)



Rubiá é un concello de contrastes. O Sil bordea o termo municipal, creando canóns e profundas gargantas entre altos picos calcarios. As zonas de cultivo concéntranse nas terras planas, mentres as aves rapaces aniñan en lugares recónditos entre as rochas e sobrevoan o territorio en busca de caza. Os grandes bosques de castiñeiros e os cultivos de vide mestúranse nas ladeiras, como testemuñas mudas da historia dunha poboación cuxas orixes se supoñen prerromanas. De feito, crese que Rubiá provén de "Ravveana", o nome dunha divindade celta da que hai referencias nunha lápida de pedra atopada a mediados do século XX. En Rubiá hai restos de todas as civilizacións coñecidas que nalgún momento poboaron esta bisbarra. Por este concello entra a Vía Nova dende O Bierzo, e nel está o Parque Natural da Serra da Enciña da Lastra. En Rubiá, polo tanto, a natureza é un dos seus principais atractivos.



PARA VISITAR

Covas naturais

As covas son un dos patrimonios turísticos e culturais máis importantes de Rubiá. Trátase dun conxunto de aproximadamente un centenar de covas naturais, creadas pola lenta acción da auga e o tempo nas rochas calcarias. Aínda non foron exploradas na súa totalidade e a maior parte delas están situadas no ámbito da poboación de Covas, nas paredes das montañas que bordean o encoro de Penarrubia. As covas, coñecidas como "palas", son un paraíso para os espeleólogos, pero tamén para os investigadores históricos, xa que se trata de espazos que nalguns casos estiveron ocupados por humanos.

Son, en todos os casos, cavidades cárstico, nas que abundan as estalactitas e as estalagmitas, e algunhas están parcialmente inundadas, mentres que noutras o acceso é moi difícil. Para visitar as covas, ao igual que para a realización de prospeccións e actividades de espeleoloxía, é necesario solicitar os permisos necesarios na administración do Parque Natural, en Biobra. As covas máis importantes e tamén mellor coñecidas son as seguintes:



e sondaxes, durante as que se atoparon restos da Idade de Bronce, pero tamén da época romana.

Pala C

Situada na marxe esquerda do encoro de Penarrubia, ten varias bocas de entrada, varios niveis, e todos eles están comunicados entre si. Aínda que non foi investigada na súa totalidade, calcúlase que as súas galerías poden ter en torno a 200 metros de lonxitude. Atopáronse restos da Idade de Bronce.

Pala T

Cova cunha única entrada, pero que logo se divide en dúas galerías de lonxitude indeterminada. Tamén se atoparon restos, neste caso de orixe medieval. Sobre esta cova atópase a entrada da Pala do Mirador, outra das importantes, e, á súa esquerda, a coñecida como Pala R.

Pala Pereda

En realidade trátase de tres covas, enlazadas entre si e que foron xa investigadas por espeleólogos, e realizáronse prospeccións arqueolóxicas. Os investigadores atoparon restos óseos, que de acordo coas súas teorías pertencen á Alta Idade Media.

K1 - Pala Cubelas

Son dúas covas, comunicadas entre si. A situada nun lugar máis alto é a K-1, onde se atoparon restos pertencentes á Idade de Bronce. Ten varios pozos de auga, galerías, e, ao final da cova, hai unha gran de sima vertical, duns 30 metros.

Pala Pumbeira

Trátase dunha das mellores covas da zona. Ten en torno a 180 metros de lonxitude, e aínda que só conta cunha boca de entrada, logo divídese en varias galerías. O acceso a esta cova só pode facerse por barca, xa que se atopa na parte máis baixa dunha escarpada parede vertical situada nas proximidades da central eléctrica de Cornatel, no encoro de Penarrubia. Nesta cova atopáronse restos de diferentes civilizacións, aínda que durante as prospeccións arqueolóxicas abundaron, sobre todo, os medievais.

Pala da Raposa

É outra das covas máis grandes de todas as catalogadas e, ademais, ten a orixinalidade de dispoñer de 7 bocas de entrada, que logo comunican entre si en distintas galerías. Nela realizáronse investigacións

Construción tradicional en Pardollán



Ponte de Regueiral

Esta ponte forma parte do trazado da Vía XVIII, e dun só arco de medio punto e con 3,80 metros de luz. Distínguense dúas partes ben diferenciadas: a máis antiga, constituída polo arco construído en cachotaría de lousa sobre unha base formada por cantos rodados; unha segunda, formada por dous muros que se levantan con esta citada estrutura e enchidos con cascallo, de forma que a ponte aumenta en altura e fai desaparecer a forte pendente que había dende as ladeiras do regueiro. Aínda que de orixe romana, crese que puido ser parcialmente modificada en torno ao século XIV, e logo reconstruída a principios do XIX. Antes de chegar a esta ponte, por enriba de Trambasaguas, adivíñanse os restos dun antigo asentamento romano, agora cubertos por un viñado. Non obstante, nesta zona aparecen continuamente vestixios desa presenza romana no lugar.

Pazos e casas grandes

En Rubiá cóntase cun pazo, a construción do cal se calcula no século XIX na súa maior parte. Ten dúas plantas, en forma de U, cun amplo patio interior. Os muros están realizados en cachotaría, e ten unha gran porta con arco rebaixado, no que destacan as grandes pedras vermellas do país utilizadas para a súa construción. Dentro do patio pode verse un pombal, construción moi habitual no concello. Na Veiga de Cascallá hai outra Casa Grande, da mesma época, que conta cunha capela interior moi bonita, e noutras poboacións, como O Castelo e Biobra tamén poden verse interesantes edificacións señoriais con arquitectura típica do rural galego. En Covas pode gozarse dun bonito conxunto de casas no ámbito da igrexa de San Salvador, con amplos corredores e outros elementos clásicos da zona. Tamén en

Construción tradicional en Vilar de Silva

Quereño hai unha Casa Grande, realizada na súa maior parte en pedra vermella das canteiras da zona. Ten dúas plantas, forma irregular, un patio interior pechado e un grande portalón para o acceso dende o exterior.

Restos arqueolóxicos

No concello, de terras elevadas e profundos vales, hai moitos castros e restos de asentamentos prerromanos. Nos arredores de Biobra, a uns 825 metros de altitude, atópase un cúmulo megalítico, e hai restos de castros na Veiga de Cascallá, Rubiá, Biobra, Covas, O Castelo e O Xirimil, unha paraxe situada a cabalo entre Rubiá e O Barco.

En canto ás evidencias da presenza romana en Rubiá, os restos son moitos e desigualmente conservados. Quizais o máis importante é a Vía Nova ou Vía XVIII. Neste concello é onde poden verse con maior claridade algúns tramos. Un deles atópase en Robledo, pouco despois da entrada da vía na provincia de Ourense, e dentro do Parque Natural da Lastra, o que sen dúbida garantiza a súa protección futura. Hai indicios de asentamentos de vilas en Rubiá e Covas. En Quereño atopáronse restos de fortificacións, e hai innumerables probas de explotacións auríferas romanas en varias poboacións do concello: Quereño, Pardollán, Robledo, Castelo, A Veiga.

Igrexa e Rectoral de Santa Mariña de Rubiá

O templo iniciouse, segundo todos os indicios, no século XVII, pero sufriu obras ata o XIX. A igrexa é un compendio de estilos, con muros de cadeirado, planta cadrada, o presbiterio máis alto que o resto da nave, e a portada situada no muro sur. Aos pés, ten unha espadaña de dous corpos, o primeiro con dous arcos xemelgos e o segundo, máis alto, con

remates de bólas. Os cantos da igrexa están realizados en pedra vermella. No seu interior conta cun retablo de estilo barroco, e algún talle do século XVII. En canto á rectoral, ten dúas plantas, cunha escaleira exterior.

Igrexa de Biobra

A sinxela igrexa de Biobra ten na súa fachada unha porta en arco de medio punto, e unha espadaña con dous arcos xemelgos e frontón triangular, cun arco central. No seu interior atópase un retablo da Virxe do Rosario e o Sagrario coa Verónica na porta, que son obras documentadas de Gregorio Español. Tamén hai un pequeno e fermoso talle de Santo Antonio Abad. O retablo é de estilo barroco.



Igrexa de Biobra

Igrexa da Veiga de Cascallá

Trátase sen dúbida do templo máis rechamante do concello da Veiga, pola súa monumentalidade. Tamén porque a localización actual da igrexa non é o orixinal: foi trasladada pedra a pedra dende a aldea de Alberguería, na Veiga, cando se construíu o encoro neste concello, nos anos 50. Reconstruída de novo, ten algunhas diferenzas coa orixinal, especialmente no interior, onde non chegou a instalarse o retablo orixinal nin o talle da Virxe e outros elementos, como o altar ou a pila bautismal.

Outro patrimonio relixioso

En cada poboación hai, polo menos, unha igrexa, e case todas teñen en común os materiais utilizados para a construción, así como as espadañas situadas nas portas de entrada, en moitos casos con escaleiras exteriores para acceder ás campás. Acontece nas de Covas, Vilar-desilva, Quereño, e ata a capela da Virxe do Camiño, en Rubiá, ten as mesmas características. Tamén en moitos casos se utiliza, especialmente para os remates, a pedra vermella característica da zona, e que así mesmo está presente en pazos e casas grandes. Unha das igrexas que, non obstante, non reúne estas características é a do Real, no pobo do mesmo nome. Trátase dun templo datado no século XVII, con dous corpos ben diferenciados, e unha torre situada na cabeceira. O presbiterio é máis ancho aos pés, e ten unha

entrada lateral. Ten unha monumental torre campanario, cun corpo en forma de prisma e dous arcos para as campás en cada unha das súas caras, para formar un total de oito aperturas.

Forno Comunal de Robledo da Lastra

Trátase dun edificio ben conservado, construído en pedra (cantos rodados) e con cuberta de lousa. O forno propiamente dito tamén se conserva en bo estado; presenta unha forma abovedada elaborada con adobe. O interior do forno é de ladrillo e no exterior, a base construíuse en ladrillo e lousa. Outro edificio curioso, pero neste caso situado en Sobredo, en Quereño, é unha antiga fábrica de cal. Aínda que non está en bo estado, pode advertirse perfectamente a súa estrutura, con planta cadrada e muros de pedra de cachotaría. O forno interior é de ladrillo refractario, e ten unha gran bóveda na parte inferior, cun arco de medio punto realizado en ferro macizo.



Igrexa da Veiga de Cascallá

PARA GOZAR

Festas e feiras

Mostra de Valdeorras

A localidade de Rubiá acolle cada ano a Mostra de Valdeorras, unha feira multi-sectorial na que están representados os sectores económicos máis importantes da bisbarra. Entre eles destacan o viño, coa Denominación de Orixe Valdeorras, e tamén a industria alimentaria e do medio ambiente. Rubiá é unha grande produtora de castañas, así como doutros produtos naturais, como o mel, que adoitan ter presenza nesta feira. Ten lugar a finais de outubro ou principios de novembro, coincidindo precisamente coa recollida da castaña. A Mostra adoita finalizar cun grande magosto, unha festa popular na que se degustan castañas asadas.

Festas patronais

En Rubiá celébranse as festas patronais máis importantes do concello. En honra á

Ascensión, teñen lugar en data variable, dependendo da Semana Santa. Tamén se honra a San Bartolomé, o 24 de agosto. En Porto celébrase o Corpus Christi, no mes de xuño, en Robledo da Lastra a San Toribio, no mes de abril, e en Quereño a San Cristóbal, no mes de xullo. É tamén destacable a Romaxe do Poulo do Couso, en Biobra, no mes de xullo.

PARA COMER

Bar Restaurante Eclipse

Rubiá. ☎ **988 324 135**

TELÉFONOS DE INTERESE

Concello

☎ **988 324 146**

Centro de Saúde

☎ **988 324 189**

Farmacia

☎ **988 324 192**

Casa de Cultura

☎ **988 324 146**

DEPUTACIÓN DE OURENSE



Vistas de Oulego

En Vilamartín o Sil ensánchase grazas ao encoro de Valencia, e forma unha paisaxe típica de ribeira que foi aproveitada para a creación dunha zona de espaxamento natural coñecida como O Bañadoiro, na que tamén se situaron as instalacións deportivas municipais. Vilamartín é un dos concellos de Galicia con maior densidade de casas grandes ou pazos, que se atopan na maior parte dos núcleos de poboación, en mellor ou peor estado de conservación. Tamén ten algunhas das maiores masas forestais da bisbarra de Valdeorras, algúns cumios a alturas que superan os 1.500 metros de altitude, e que contrastan vivamente coas zonas de bordean o Sil. En Vilamartín atopáronse restos arqueolóxicos de relevancia, como os petroglifos de Valdegodos, e tamén evidencias da actividade da minería do ouro que os romanos realizaron na zona.

PARA VISITAR

Os pazos de Vilamartín

O concello ten multitude de pazos, a maioría deles cunha arquitectura típica da zona, na que resaltaba de forma especial a pedra vermella das canteiras existentes na zona. A visita aos pazos pode ser unha interesante ruta, xa que este concello é o que conta cun maior número de casas blasonadas de toda a bisbarra.

Pazo de San Miguel de Outeiro

Trátase dunha casa bastante ben conservada, que foi obxecto de moitas modifi-

cacións ao longo da súa vida. Coñecido popularmente como "Pazo Mínguez", polo nome dos seus primeiros propietarios, no seu aspecto exterior destacan especialmente as galerías que adornan o primeiro piso e o coidado xardín que o rodea.

Casa de Don Demetrio

Trátase dunha grande casa situada no medio dun terreo que conta con abundancia de árbores froiteiras. A súa planta fai forma de U, cun patio interior rectangular. Foi construído en cachotaría, con algúns elementos de pedra vermella, como os linteis das ventás e as xambas de portas. A casa está adornada con

Casa Camba



dous escudos de armas e ten, ademais, unha inscrición na fachada, que fala da data na que foi realizada: en 1694, “reinando Carlos II e señor desta casa Don José Prada”.

Pazo de Arnado

Trátase do pazo máis moderno do concello. Foi construído a principios do século XIX por Pedro Sanjurjo e, aínda que nunca chegou a rematarse, a súa rechamante arquitectura é xa unha escusa para achegarse a este pintoresco pobo de Vilamartín. Máis que unha típica casa grande, parece un castelo, construído en pedra e lousa da zona, con dous torreóns laterais, e un corpo central entre ambos os dous. Na parte baixa da torre máis grande ábrese un túnel, para paso dos habitantes da poboación.

Pazo de San Xulián en Portela

Nesta poboación atópase un grande edificio de planta rectangular, cunha torre nun dos laterais. Construído en pedra, ten tamén elementos de pedra vermella. Dispón dun patio central e unha grande galería totalmente acristalada. Esta casa ten capela propia na planta principal do edificio. Os tres escudos de armas que hai nesta casa teñen os apelidos dos seus sucesivos propietarios: Losada, Prada e Feijóo.

Casa Camba

Tamén situada en Portela, os seus muros son de cadeirado, e o edificio está rodeado dunha gran valada. Realizada en pedra de cadeirado labrado, conta con dúas plantas, e no edificio destaca especialmente a súa rechamante cor –dun ton avermellado–, e os brasóns que adornan a fachada, ademais dos grandes balcóns de ferro aos que se abren as altas ventás da casa.

Casa de Xaime Prada

O edificio é a antiga Casa do Concello de Vilamartín, que está edificada con pedra vermella da zona.

Casa de Pilar Macías (Casa da Señorita)

É outra casa singular situada en Portela. Ten unha planta rectangular, e un patio interior. Os seus muros están realizados en cachotería de pedra e lousa, e nas súas fachadas hai varios brasóns, que contan a historia do edificio, tanto na casa principal coma noutros edificios auxiliares que forman parte do conxunto.



Casa Grande de Portela

E seguindo en Portela, pode verse a Casa Grande ou Indiana. Nela destacan, ademais de que se trata dun grande edificio agora encalado en branco, a pedra vermella utilizada para linteis e arcos, e os balcóns de madeira que están cubertos e que adornan a fachada principal.

Casa Gurriarán de Córghomo

Este edificio é unha casa grande antiga, que debe o seu nome ao poeta Florencio Delgado Gurriarán, natural da localidade. Realizado en pedra da zona, na súa fachada principal destaca o arco de pedra vermella polo que se accede ao interior, e o brasón situado xusto enriba.


Pazo dos Cabaleiros

Nun dos puntos máis altos da localidade de Vilamartín, visible en todo o ámbito, atópase o Pazo dos Cabaleiros. Tamén coñecido como Pazo Ruchel, é un grande edificio de nova construción, rodeado dun denso arboredo, e situado sobre

unha lomba que está graduada en terrazas. Ten unha espectacular torre. A parte máis baixa do terreo plantouse de viñedos que nutren a adegua situada no propio pazo.

Convento de Correxais

En Correxais, unha pequena poboación deste concello, atopa un dos exemplos de arquitectura relixiosa máis importantes da bisbarra. O conxunto aquí situado componse da



Igrexa de Correxais

igreja de San Pedro e do Convento dos Trinitarios descalzos. A igrexa é moito máis antiga que o convento. Realizada en pedra da zona, ten unha planta rectangular cunha zona máis elevada. A torre resulta especialmente curiosa: cuadrangular, ten oito arcos e un remate en forma piramidal. Un dos atractivos desta igrexa é o retablo maior, cun conxunto de pinturas que representa o Nadal, a catro santos e as catro virtudes. O Convento dos Trinitarios descalzos instalouse na poboación en 1727, despois de que, durante case 20 anos, se estudasen diferentes situacións para a instalación dun convento na bisbarra de Valdeorras. Trátase dunha marabilla da arquitectura relixiosa que precisaría dunha restauración.

Outro patrimonio relixioso

Nos pobos de Vilamartín pode verse un amplo catálogo de igrexas, algunhas delas especialmente curiosas polas súas peculiaridades arquitectónicas. Entre elas, a de Córghomo, de estilo neoclásico, pero con sucesivas reformas que practicamente ocultaron as súas características iniciais. Destaca, sobre todo, o contraste entre a súa alta torre e a modestia da nave, cunha nave rectangular e o presbiterio máis elevado que o resto do edificio. Tamén paga a pena visitar a igrexa de Portela, que xa existía no século XI e que conserva parte da súa estrutura de entón. Aínda que con partes claramente románicas, foi modificada posteriormente. A torre é especialmente curiosa, pola súa altitude e polas súas catro ventás. A igre-



xa de Valencia do Sil ofrece, como curiosidade, o uso de pedra vermella da zona en toda a fachada, rematada por unha espadaña con dous arcos para as campás e un balcón de ferro. No edificio hai unha mestura de estilos que permiten supoñer varias modificacións. Tamén podemos atopar algunhas igrexas cos seus retablos restaurados, como a de Cernego, Correxais e de San Miguel de Outeiro. As igrexas de Arnado, Cernego e San Vicente tamén teñen espadañas. Por último, a igrexa de Vilamartín destaca pola súa monumentalidade, aínda que se trata dun templo construído no século XX.

Ferraría de San Vicente de Leira

Esta ferraría é unha das poucas que aínda poden verse na bisbarra. Situada moi preto do depósito de ferro de Formigueiros, para a súa situación buscou

un lugar estratéxico, no que non faltase a auga nin a madeira e o carbón para alimentar os fornos. Situada no chamado Camiño Real (agora substituído pola estrada a Robledo), está a carón do río Leira, e moi preto dos fermosos bosques desta zona. As instalacións creáronse a principios do século XVIII, baixo propiedade do Mosteiro de Samos, e a mediados do século XIX foron vendidas.

Área Recreativa do Bañadoiro

Como noutras moitas poboacións situadas á beira do Sil, en Vilamartín aproveitouse o ámbito para a creación dunha área recreativa e deportiva. Ademais dun longo paseo baixo árbores pola marxe dereita do Sil, nesta zona cóntase cunha parte para grellas e mesas, e outra para instalacións deportivas. Trátase dunha área dunhas 12 hectáreas, nas que se sitúan o pavillón polideportivo,

PUBLICACIÓNS

Área Recreativa Bañadoiro

DEPUTACIÓN DE OURENSE



as piscinas municipais, un campo de fútbol, cancha de tenis, un parque infantil e ata un albergue.

Restos arqueolóxicos

En Valdegodos hai restos dun petroglifo da Idade de Bronce que se atopa nun terreo dedicado ao viñado e que aínda pode verse, e hai evidencias da presenza romana en moitos puntos do concello, polo que pasaba a Vía XVIII. Os romanos deixaron restos de explotacións auríferas en Valdegodos e Córrego, e tamén algunha ponte de interese, que formaban parte, segundo se supón, da vía de comunicación que unía Braga e Astorga. En Valencia do Sil hai indicios dun antigo asentamento de orixe castrexa. En Vilamartín, sobre o río Leira, álzase unha das pontes, dun só arco de medio punto, realizado en pedra e lousa, cuxa orixe se cre romana.

PARA GOZAR

Rutas turísticas pendentes de sinalizar

Fraga de Busdei

Atoparémola no alto de Bustei desviándonos por unha pista a man dereita. É unha das rutas con gran beleza na época de choiva pola súa cascada.

Vilamartín - Castro de Valencia - Vilamartín

Trátase dunha ruta que se inicia en Vilamartín, e segue logo pola pasarela de Penouta, ata chegar á localidade de Arnado. Alí toma o antigo camiño de Correxais, cara a o castro de Valencia do Sil. Polo camiño, poderá verse o val do Sil en todo o seu esplendor.

Lonxitude: 12 Km.

Dificultade: baixa

Ruta dos Pazos

A saída pode realizarse dende Vilamartín, ou de calquera das localidades do

PUBLICACIÓNS

Río Leira

DEPUTACIÓN DE OURENSE



percorrido. Trátase dun percorrido para ver varios dos pazos xa mencionados. A ruta pode comezar en San Miguel de Outeiro, para logo chegar a Vilamartín, pasar a Penouta pola pasarela e seguir ata Arnado. Logo séguese por Arcos, A Portela e O Mazo, dende onde se regresa a Vilamartín.

Lonxitude: 13 Km.

Dificultade: baixa

Ruta singular

É a ruta máis longa e difícil, que leva de Vilamartín ao Alto de Montouto, e regresa a Vilamartín. Dende a saída, encamiñase cara a Cernego e logo toma o desvío a Robledo para, despois, seguir ao Alto do Montouto, situado a 1.540 metros de altitude e límite entre as provincias de Ourense, Lugo e León. Regrésase durante un treito polo mesmo camiño, e séguese cara ao Prado de Bidueiro, para logo volver cara a Robledo, pero tomando un desvío á esquerda, para pasar pola localidade de San Vicente, e seguir de novo por Cernego, ata Vilamartín.

Feiras e festas

Ruta das Covas de Vilamartín

Trátase dunha importante cita na que se mestura a promoción dos excelentes viños da zona, coa gastronomía que se serve para acompañar os caldos e a recuperación da tradición histórica das "covas", covas naturais nas que sempre se elaborou o viño en Vilamartín, e que hoxe en día seguen conservadas polos seus propietarios. A Ruta celébrase, dende hai anos, o primeiro sábado de agosto, e por un prezo moi acadable, os participantes poden acudir a todas as covas abertas ao público, probar os seus viños e os seus pinchos. No concello de Vilamartín hai en torno a 400 covas e a ruta é posible grazas á participación dos propios veciños e propietarios das covas.

Feira popular

A feira ten lugar o 24 de cada mes, e nela instálanse os postos de comerciantes e os de degustación de polbo.



Casa en San Miguel de Outeiro

Festas patronais

Cada unha das parroquias do Concello de Vilamartín celebra o seu patrón. As festas máis importantes do concello son as de San Jorge, que ten lugar en torno ao 23 de abril na capital do concello. Nesta localidade tamén se venera a Santa Magdalena o 22 de xullo e Santa Lucía o 13 de decembro. Tamén son importantes as festas en Valdegodos, en honra á Virxe dos Milagres, o 8 de setembro. En Córrego celébranse as festas o 29 de xullo, en honra a Santa Marta, en Arcos o 10 de agosto, San Lourenzo, e en Arnado o 24 de xuño, San Xoán. En Portela teñen festas do 15 de agosto, en honra a San Xulián, e en Valencia do Sil festéxase a San Bernabé o 11 de xuño.

PARA COMER

Restaurante Marbella
Vilamartín. ☎ 988 300 025
 Restaurante Paladium
Valdegodos. ☎ 988 336 801
 Restaurante A Lastra
Vilamartín. ☎ 988 300 232
 Restaurante Gasolineira
Vilamartín. ☎ 988 300 155

Restaurante Gandul

Córrego. ☎ 661 613 043

PARA DURMIR

Hotel Complexo Hostaleiro Paladium

Valdegodos. ☎ 988 336 801

Hostal A Lastra

Vilamartín. ☎ 988 300 244

Hostal Pancho e Pilar

Vilamartín. ☎ 988 300 025

TELÉFONOS DE INTERESE

Concello

☎ 988 300 001

Centro de Saúde

☎ 988 300 428

Taxis

☎ 988 300 026

Farmacia

☎ 988 300 010 - 659 007 356

Piscinas

☎ 988 300 118

Oficina Vía Nova

☎ 988 300 031



